



Xuventude Crea  
Premios 2014

ARTES PLÁSTICAS • BANDA DESEÑADA  
CARTEIS • DESEÑO DE XOIAS • GRAFFITI  
MODA • MÚSICA • TEATRO • VIDEOCREACIÓN  
POESÍA • RELATO BREVE

XUNTA DE GALICIA

**ARTES PLÁSTICAS • BANDA DESEÑADA  
CARTEIS • DESEÑO DE XOIAS • GRAFFITI  
MODA • MÚSICA • TEATRO • VIDEOCREACIÓN  
POESÍA • RELATO BREVE**

**Xuventude Crea**  
Premios 2014

Xunta de Galicia  
Consellería de Traballo e Benestar  
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Santiago de Compostela 2015

Edita: Dirección Xeral de Xuventude. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.

Realización: Dixital 21

Autora cartel portada: Tamara Rey Martínez

Imprime: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

D. L.: C 182-2015

## Índice

Presentación da conselleira de Traballo e Benestar: Beatriz Mato Otero	7
Presentación do director xeral de Xuventude e Voluntariado: Ovidio Rodeiro Tato	9
OBRAS PREMIADAS	
<b>Especialidade de artes plásticas</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	13
<b>Obras premiadas</b>	
Lara Díaz Pintos	14
Lorena Couto Rey	16
Daniel Cercedo Bretal	18
Marta Bran	20
Adrián Penido Núñez	22
<b>Especialidade de banda deseñada</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	25
<b>Obras premiadas</b>	
Xulia Vicente Jiménez	26
Paloma Tarrío Alves	28
Jose Nuno Martins Pinto Fraga	30
Cynthia Alfonso Barreiro	32
Sara Piñeiro Fernández	34
<b>Especialidade de carteis</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	37
<b>Obras premiadas</b>	
Beatriz Ventosinos Candame	38
Lara Esperante Ingelmo	40
Andrés Horacio Bonader Robador	42
Io Morales Sánchez	44

<b>Especialidade de deseño de xoias</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	47
<b>Obras premiadas</b>	
Alberto Blanco Taboada	48
Sonia Fernández Gandásegui	50
Daniel Rivas Fernández	52
Eva Soto Conde	54
<b>Especialidade de graffiti</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	57
<b>Obras premiadas</b>	
Brais Rodríguez Trigo	58
Tirso Paz Sans	60
Adrián Lomba Balea	62
Abraham Caride Fernández	64
<b>Especialidade de moda</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	67
<b>Obras premiadas</b>	
Sheila Pazos Silva	68
Noelia Taibo Mera	70
Sara Gago López	72
<b>Especialidade de música</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	75
<b>Obras premiadas</b>	
Blue Meth State	76
Cris Román	78
Miguel Alonso e Banda	80
<b>Especialidade de teatro</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	83
<b>Obras premiadas</b>	
Os farsantes	84
Pinchacarneiro	86
La passoire	88

<b>Especialidade de videocreación</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	91
<b>Obras premiadas</b>	
Javier Llinares Barral	92
Míriam Rodríguez Domínguez	94
Nuria Mosqueira Varela	96
<b>Especialidade de poesía</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	99
<b>Obras premiadas</b>	
Brais González Pérez	100
Charo López Sánchez	106
Fabián Freixedo Fariñas	114
Ismael Ramos Castelo	120
Lúa Gándara	126
Olalla Liñanes García	130
<b>Especialidade de relato breve</b>	
Composición da comisión de selección e premios outorgados	137
<b>Obras premiadas</b>	
Daniel Barral Calvo	138
Raquel Fernández González	148
Irma Pérez González	156



O Certame Xuventude Crea non só axuda a descubrir novos talentos a Galicia e ao mundo, senón que tamén contribúe a que os propios mozos e mozas poidan descubrir por si mesmos todo o talento que levan dentro.

Os artistas que conforman este catálogo están chamados a ser os deseñadores, actores, escritores, directores de cine, debuxantes, pintores e artistas que van representar a Galicia nun futuro moi próximo. A cultura e a creación en Galicia vai depender deles.

Pero iso non é algo que se consiga de golpe. Nin da noite á mañá. Todo o contrario: o futuro é algo que se constrúe pouco a pouco, paso a paso. Para axudar a percorrer ese camiño puxemos en marcha este programa.

Queremos que os novos creadores collan impulso para a carreira de fondo que teñen por diante. Unha carreira difícil – como todas –, pero tamén apaixonante.

E queremos que o fagan dende a maior das liberdades creativas. Esa é unha das máximas coas que traballamos no eido da xuventude: queremos escoitar as propostas dos mozos e mozas, e darlles voz, sen poñer coto de ningún tipo á súa creatividade.

Talento, imaxinación e creatividade son virtudes propias da nosa mocidade. Dende a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar estamos decididos a poñer en marcha os programas, medios e recursos necesarios para facer aflorar todo ese potencial.

**Beatriz Mato Otero**

Conselleira de Traballo e Benestar



Máis de 350 mozos e mozas participaron na edición 2014 do Xuventude Crea, que se consolida ano a ano como a principal mostra da creatividade xuvenil en Galicia.

Participar no Xuventude Crea contribúe ao crecemento persoal dos artistas do futuro de Galicia. Traballar directamente cos mozos tenme permitido comprobar no día a día a inesgotable creatividade, o talento e a imaxinación dos mozos e mozas galegos.

Estou convencido de que as capacidades da mocidade galega non teñen límites. Pero tamén é moi importante poder canalizar ese potencial, para seguir aprendendo e mellorando día a día.

O noso obxectivo con Xuventude Crea non é outro que darlle pulo a esa creatividade, e dotala de ferramentas e programas para canalizala.

Pero o talento –que é a riqueza máis importante coa que contamos– é exclusivamente da mocidade galega. Agardamos que Xuventude Crea cumpra coa súa finalidade principal, e se converta no trampolín para converter a estes mozos e mozas nos creadores e artistas do futuro de Galicia.

**Ovidio Rodeiro Tato**

Director xeral de Xuventude e Voluntariado



*Obras premiadas*



# ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS

## Compoñentes da comisión de selección:

**Presidente:** Yolanda Otero Balsa (subdirectora xeral de Promoción e Actividades) por delegación do director xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, da Xunta de Galicia, D. Ovidio Rodeiro Tato.

**Vogais:** Mercedes Rozas Caeiro, Xoán Arias Soler, Esperanza Lema Bouzas, Eduardo López Valiña.

**Secretaria:** María A. García Cao.

## Premiados/as:

**1º premio:** Lara Díaz Pintos, pola obra *Deshabitar. Habitación de invitados* (Pintura).

**2º premio:** Lorena Couto Rey, pola obra *Galicia ten nome de muller* (Fotografía).

**3º premio (compartido):** Daniel Cercedo Bretal, pola obra *Spanische Akte* (Pintura).  
Marta López López, pola obra *Candy* (Pintura).

**Mención de honra:** Adrián Penido Núñez, pola obra *Medusas 2.0* (Escultura).

# Lara Díaz Pintos



**Lara Díaz Pintos**

A Coruña, 1984

## Bolsas:

- 2010-2011 Fundación Antonio Gala para jóvenes creadores. Córdoba.
- 2008-2009 Beca Séneca. 4º de BBAA na Universidade Complutense de Madrid.

## Formación artística:

- 2010 Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Especialidade Debuxo e Pintura.
- 2005 Titulada en Ilustración pola Escola de Artes Aplicadas e Oficios "Pablo Picasso", A Coruña.

## Exposicións individuais:

2011

- "Recuerdos de una silla" Galería Sargadelos. A Coruña.

## Exposicións colectivas:

2014

- "AHORA. NOSOTRAS" Festival Miradas de Mujeres. Museo Arqueológico de Cacabelos, León.

2013

- "Artistas En Red" Galería Dosmilvacas. Ponferrada.
- "Creamos Nós II" Cenima. Foz, Lugo.
- "Assobiador" Galería Metamorfose. Oporto.

2011

- "+x10" Fundación Antonio Gala. Córdoba.
- IV Feira de Arte Galega. A Coruña.
- "XIII Concurso de Pintura La Axerquía". Córdoba.
- "9ª promoción" Fundación Tres Culturas, Sevilla.
- "En Feminino" Festival Arte+Parte. Consellería de Igualdade. Concello de A Coruña.

2010

- "ExLibris" Grabado en Hueco de la UCM (Madrid).

2009

- "En Femení". Consell de Solsona. Lleida.

2008

- RegalArte, Galería Cuatrodiecisiete. Madrid.
- "Un Puñado de Apuntes" Galería Sargadelos, Pontevedra.
- "TORREMANÍA". Concello da Coruña.

## Premios:

- Primeiro Premio Xuventude Crea, Artes Plásticas. Xunta de Galicia. 2014.
- Adquisición XIII Certame de Artes Plásticas "Isaac Díaz Pardo". Deputación Provincial da Coruña. 2013.
- Seleccionada V Certame Nova Arte Galega. Arga / El Corte Inglés. A Coruña, 2012.
- Finalista Certamen de Pintura "La Axerquía" Córdoba, 2011.
- Finalista Certame "Nova Arte Galega" Arga e El Corte Inglés, Vigo. 2009.
- I Premio II Certame de Pintura de R. S. D. Hípica da Coruña. 2008.
- I Premio Certame de Artes Plásticas "Os Sons de Galicia". Concello de Melide. A Coruña. 2008.
- 3º premio Artes Plásticas GZ Crea 2007, Creadores Novos, Xunta de Galicia.

## Coleccións:

Deputación Provincial da Coruña.

The Working Proof. New York.

Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Deporte.

Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade.

Fundación Antonio Gala.

Biblioteca Infantil. Concello da Coruña.

Galería Sargadelos. Ferrol.

Departamento de Grabado. Universidad Complutense de Madrid.



# Lorena Couto Rey




## **Lorena Couto Rey**

Boqueixón, 1990


De pequena sempre me gustaron varias cousas, debuxar, ir dar longos paseos co meu avó mentres me contaba as súas historias de cativo, e de vez en cando collía a cámara da miña casa, coa que anos despois fixen os Ciclos de Fotografía na parte analóxica no ano 2009, o Ciclo de Laboratorio de Imaxe e no 2011 o Ciclo Superior de Fotografía Artística no Mestre Mateo en Santiago. Neses anos de estudo sempre intentei reflectir o meu amor por Galicia e polos animais nas miñas fotografías, e tal unión plasmeina no proxecto co que gañei o segundo posto no Xuventude Crea.

Nun futuro gustaríame estudar deseño gráfico ou ilustración porque sempre me gustou o deseño; de feito, cando era pequena cuns 8 ou 9 anos, collía recortes de revista e escaneábaos para logo retocar por ordenador ou facer montaxes.

E por último, algo que teño pendente é o proceso de perfeccionar e aprender técnicas de debuxo e pintura, xa que é algo que sempre fixen de pequena pero que me gustaría seguir e non perdelo.



# Daniel Cercedo Bretal



## Daniel Cercedo Bretal

A Pobra do Caramiñal, 1988

### Formación

2012-2013. *Máster en Arte Contemporánea. Creación e Investigación*. Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Universidade de Vigo.

2010-2011. *Máster en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e de Ensino de Idiomas*. Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra, Universidade de Vigo.

2006-2010. Grao en Belas Artes, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo.

### Exposicións colectivas

2014. *Xuventude Crea*, Igrexa da Universidade, Santiago de Compostela.

2013. *Eso sigue su curso*, Sexto Edificio do Museo de Pontevedra.

2012. *Arte Barbanza 1980*, Auditorio Municipal de Ribeira.

2010. *XXXI Bienal de Pontevedra Utrópicos*. Centroamérica e Caribe. Sexto Edificio do Museo de Pontevedra.

*tfg*, Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

*Se7e + tr3s*, Centro Cívico de Teis.

### Publicacións

2013. *Eso sigue su curso 2013*, Ed. Deputación Provincial de Pontevedra.

2010. *tfg 2010*, Ed. Facultade de Belas Artes. Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións.


### Bolsas e premios

2014. *Xuventude Crea*, terceiro premio na especialidade de Artes plásticas. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.

2013-2014. *Axudantía Grundtvig*, desenvolvida no CSN de Cork (Irlanda), Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos.



# Marta Bran



## **Marta Bran**

Melide (A Coruña), 1986

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo en 2009. Actualmente está desenvolvendo a súa tese no programa de doutoramento en *Arte contemporánea, creación e investigación* desta mesma universidade. Posúe un contrato predoctoral da Xunta de Galicia e exerce a súa actividade docente e investigadora na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Foi galardoada co terceiro premio Xuventude Crea 2014 e Novos valores 2012, ademais do primeiro premio de pintura e artes visuais da Fundación Carriegos en 2009. Foi seleccionada no I Encontro Cidade da Cultura 2011, e en 2012 presentou o proxecto colectivo *Container inside* neste mesmo lugar. Entre as súas exposicións máis relevantes a curto prazo, destaca *Picnic*, proxecto individual presentado en 2014 na Galería Trinta de Santiago de Compostela. De forma colectiva cabe mencionar *O bosquexo do mundo*, un proxecto itinerante inaugurado o 19 de abril de 2013 no MARCO (Vigo). As súas posteriores paradas foron no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) e na Fundación Seoane (A Coruña).

[martabran.com](http://martabran.com)



# Adrián Penido Núñez

- Seleccionado para *Novos Valores Pontevedra*, organizado pola Deputación de Pontevedra.

2011

- Gañador do *VII Certame de Pintura Novos Valores*, organizado polo concello de Brión.
- Seleccionado no *X Certame de Fotografía Mulleres*, organizado polo concello de Cangas.
- Seleccionado como finalista *I Certame de pintura Arte joven*, organizado pola SAF.

2006

- Gañador *I Concurso de Deseño de Camisolas Vistomengalego*, organizado polo IES Pintor Colmeiro.

## Adrián Penido Núñez

### Formación académica:

Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en ilustración pola EASD Antonio Faiñe. 2008-10.

Graduado en Belas Artes pola Universidade de Vigo 2011- actual (4º curso).

### Formación complementaria:

Xornada *Arte+Narrativa gráfica*, organizada polo Consello da Cultura Galega, cunha duración total de 7 horas lectivas.

### Certames:

2012

- Seleccionado para *Artxove*, organizado polo concello de Pontedeume.

### Exposicións:

2014

- Feira Internacional Semana Verde de Galicia, exposición colectiva do 12 ó 15 de xuño.
- *Palabra de Artista*, exposición colectiva nas rúas de Pontevedra, Vigo e Marín.

2012

- Casa da Cultura, concello de Silleda, do 5 ó 22 de xullo.

2011

- Casa da Cultura, concello de Silleda, do 15 de abril ó 6 de maio.
- Casa da Cultura, concello de Moraña do 16 ó 31 de xullo.
- Festa dos Pendellos, capela das Virtudes, concello de Agolada, 11, 12 e 13 de agosto.
- Sala de exposicións Forum Dezae, C.C. Pontiñas, concello de Lalín, do 19 de agosto ó 30 de setembro.
- Taberna Catroventos, Pontevedra, do 24 de novembro ó 18 de decembro.





# ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA

## Compoñentes da comisión de selección:

**Presidente:** José Selas Souto.

(Xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Ourense).

**Vogais:** Miguel Ángel Fernández Robledo, Andrea Gómez Galayo, Nuria Díaz Berride, Rosa González Iglesias, Diego Campos Omil.

**Secretaria:** Mercedes Valeiras González.

## Premiados/as:

**1º premio:** Xulia Vicente Jiménez, pola obra *Se os produtos son bos...*

**2º premio:** Paloma Tarrío Alves, pola obra *O pescador de tempos.*

**3º premio:** Jose Nuno Martins Pinto Fraga, pola obra *Apicultor de homes.*

**Mencións de honra:** Cynthia Alfonso Barreiro, pola obra *O pozo e o péndulo.*

Sara Piñeiro Fernández, pola obra *Drevo.*

# Xulia Vicente Jiménez



## **Xulia Vicente Jiménez**

A Coruña, 1993

Nada na vila de Cariño, inicia os seus estudos artísticos no bacharelato e continúa en Belas Artes na Universidade Politécnica de Valencia, na que cursa 4º actualmente.

Participa en diversas publicacións pequenas, como o *Arrós Negre*, *Kuro-e* ou *Black Seal*, e coordina fanzines coma o *Sacoponcho* e o *Club de Cómic* de BBAA.

O seu interese principal está no mundo da banda deseñada, e algunhas das súas historietas acadaron premios como o Benito Losada (2013), ou o Concurso de Benimaclet (2013).



# Paloma Tarrío Alves



## **Paloma Tarrío Alves**

Premio edición infantil 2005.


Colaboración como parte do staff do festival de videoarte abstracto infantil "Punto y Raya", 2012.

Estudiante de cuarto curso do grao en Belas Artes pola UB.

Asistencia ao XIII Curso de gravado 2013, Noia. Finalista (2014).

Integrante do colectivo Fume de Carozo (2010-actualidade), autores de *Sacoponcho I* e *Sacoponcho II*.

Integrante do colectivo universitario especializado en gravado (2013-actualidade).



# Jose Nuno Martins Pinto Fraga



**José Nuno Fraga** escapou do seu lonxano país pola persecución que se lles fai aos que pretenden utopicamente dedicarse ás artes. Errando polo mundo foi finalmente en Galicia onde encontrou o acollemento e a oportunidade que estaba a buscar.

**Estudos en:**

Universidade do Minho - Braga.  
Escola de Artes Ant3nio Failde - Ourense.  
Kyoto Saga University of Arts - Kyoto.

**Traballos/pr3cticas realizados para:**

Area de Comunicazione - Florencia.  
iMobile Magic - Braga.  
Artefacto Producci3ns - Santiago de Compostela.



# Cynthia Alfonso Barreiro



## Cynthia Alfonso Barreiro


Graduada en BBAA pola Uvigo e con máster en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual, está cursando actualmente o programa de doutorado na facultade de BBAA de Pontevedra.

A día de hoxe, pertence ao grupo Cabeza de corte aéreo, quen se dedican á autoedición.


Interesada pola ilustración, a banda deseñada e a animación, asistiu a seminarios impartidos por Miguelanxo Prado, cursos de processing e modelado en 3D.

O seu traballo en ilustración defínese pola utilización da liña en lapis e grafos, cores apagadas e un tema escuro, resaltando os traballos en tinta e acuarela. O seu máximo interese é experimentar e observar novas vías de traballo, tanto en vídeo como en ilustración, acentuando o seu interese principal, o cómic.

Posúe varias exposicións ás súas costas, destacando as de "IkasArt 2011" en Bilbao, "Do comezo ao final" no Pazo da cultura e "Novos valores 2014" no Museo de Pontevedra.



# Sara Piñeiro Fernández



**Sara Piñeiro Fernández** é unha moza de 18 anos, natural de Sanxenxo (Pontevedra), interesada desde moi nova en diversas facetas artísticas, desde actividades relacionadas co mundo audiovisual (traballando tanto na modalidade de curtametraxe en *Amelia e as Sereas*, como na de serie de televisión como actriz de reparto en “Terra de Miranda”, serie emitida en 2007 por TVG e en 2014 por TVG2), ata a creación literaria explorando diferentes xéneros (poesía, historieta, relato curto, etc.), pasando tamén pola realización de obras pertencentes ao ámbito das artes plásticas, dedicándose non soamente á creación pictórica senón tamén e de forma máis concreta á xeración de composicións de tipo

gráfico (deseño de logos para grupos musicais, ilustración, cómic, etc.), sendo os seus traballos publicamente recoñecidos coa consecución de diversos premios artísticos:

**Pseudónimo:** Midori (Midori Aoyama)

- 1st Prize: Wildlife Art Competition 2001, Evegate Art Gallery, Smeeth, Ashford, Kent, (Reino Unido). Obra premiada: “Lion’s kingdom”.
- 1º Premio: Concurso de Banda Deseñada 2011, organizado polo Equipo de Normalización Lingüística do IES Ramón Mª Aller Ulloa de Lalín, Pontevedra (España). Obra premiada: “Illados”.
- 2º Premio: XXVII Concurso Infantil e Xuvenil de Debuxo, Pintura e Relatos 2011, convocado polo Consello Superior de Investigacións Científicas, Plan Acción Social 2011, Ministerio de Ciencia e Innovación). Obra premiada: “Flor en Flor”.
- Mención honorífica no concurso da Xunta de Galicia “Xuventude CREA 2014 – especialidade: Banda Deseñada”, Santiago de Compostela.

Actualmente ten en marcha varios proxectos literarios entre os que se poden sinalar algúns ensaios e unha novela gráfica de ambientación histórico-fantástica. De forma simultánea e paralela, tamén despregou un ininterrompido labor poético de estilo libre que está sendo parcialmente publicado no seu blog [www.inmortalpoetryvii.blogspot.com](http://www.inmortalpoetryvii.blogspot.com), así como os microrrelatos que aparecen periodicamente posteados no blog colaborativo [www.microrrelatosdiarios.blogspot.com](http://www.microrrelatosdiarios.blogspot.com) que escribe, diseña e mantén de maneira coordinada con outro autor, sendo ademais un compoñente activo dos seguintes grupos musicais (Instrumentos: Ukelele e vogal):

- *Ember may rise*
- *UKESTRA DO MEDIO* [www.facebook.com/groups/204036173101595/?fref=ts](http://www.facebook.com/groups/204036173101595/?fref=ts)

**Nota de agradecemento:**

A realización desta obra de Banda Deseñada, titulada DREVO, foi posible grazas á valiosa achega de Sofía Torres Fernández na concepción da idea orixinal.





## ESPECIALIDADE DE CARTEIS

### Compañentes da comisión de selección:

**Presidenta:** Yolanda Otero Balsa.

(Subdirectora xeral de Promoción de Actividades, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar).

**Vogais:** Rafael Rumbo Viera, Fausto Castiñeiras Isorna, José Luis Teófilo Piñeiro.

**Secretario:** Santiago Aparicio Fernández.

### Premiados/as:

**1º premio:** Beatriz Ventosinos Candame, pola obra *Historia do Camiño*.

**2º premio:** Lara Esperante Ingelmo, pola obra *Descubre*.

**3º premio:** Andrés Horacio Bonader Robador, pola obra *Motívate*.

**Mención de honra:** lo Morales Sánchez, pola obra *San Francisco de Asís. 800 aniversario*.

# Beatriz Ventosinos Candame



Nacida na Coruña o 1 de novembro de 1992, descubro o meu interese polo mundo da comunicación sobre os 16 anos. En 2011, comezo os meus estudos en Creatividade Publicitaria, Comunicación e Relacións Públicas en ESERP (A Coruña), graduándome 3 anos máis tarde coa mención de honra. Mentres curso a carreira, complemento a miña formación realizando cursos de: Personal Shopper, Creatividade, Técnicas de Comunicación Visual, Redacción Creativa, Community Manager e Adobe Illustrator aplicado á creación publicitaria. Os que me coñecen xa din que non paro quieta, pero é que creo que se te queres dedicar a isto é esencial estar en constante movemento. Encántame o mundo do deseño gráfico, os blogs e o estilo tweek, aínda que a miña verdadeira paixón é a comunicación orientada á organización de eventos.



# Lara Esperante Ingelmo



Lara Esperante Ingelmo estudou ilustración na Escola Superior de Deseño Pablo Picasso. Actualmente cursa Deseño Gráfico e compaxinao co seu proxecto persoal de ilustración "La chica de la cinta". Forma parte de *Creativos Anónimos* da Coruña e *Nortika*. Tamén realiza ilustracións para a protectora de cans APADAN (A Coruña).



# Andrés Horacio Bonader Robador



Finalizou Estudo Artístico Superior de Deseño Gráfico na E.A.S.D. Antonio Faílde de Ourense, en febreiro do 2014.

Participou nun programa de intercambio coa Universidade de Shantiniketan, na India, onde se iniciou en distintas técnicas como o gravado ou a litografía. Ademais, realizou distintos cursos artísticos de videocreación, fotografía, deseño web e tipografía por toda a xeografía galega.

Durante os últimos anos, obtivo moita experiencia realizando infinidade de proxectos de deseño gráfico e dirección artística, tales como a estratexia comunicativa da *Asociación Cultural Berra Val Miñor*, a dirección artística e o deseño da programación da sala *Taberna Marrucho* en Baiona, así como o deseño da imaxe corporativa e web da asociación *Músicos Ao Vivo*, entre outros.

Na actualidade estase a especializar na técnica de *motion graphics*, coa que realizou o seu último proxecto *Carreteras*, un videoclip para a banda galega *Dakidarría*. Grazas a este traballo obtivo, recentemente, o premio do público ao mellor videoclip no XI Festival de Cans do Porriño.

*Tes gana de chegar xa á catedral?*



**MOTÍVATE CON**  
— PEREGRINATO —  
**S. Fco. Asís 800**  
*"man de santo" dende hai 800 anos*



*"Commemoración dos 800 anos da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela"*

# *Io Morales Sánchez*



**Io Morales** finaliza no 2007 os seus estudos de Artes Aplicadas á Escultura. Desde ese momento decide compaxinar de maneira definitiva a súa afección polas letras e literatura coas artes plásticas como medio de expresión creativa, máis especificamente no eido do Knit Art, realizando composicións e figuras de pequena escala na técnica xaponesa de amigurumi e impartindo clases e talleres de labores en Santiago de Compostela onde reside na actualidade.

DE ASÍS  
A COMPOSTELA

1214 . 2014





# ESPECIALIDADE DE DESEÑO DE XOIAS

## Compoñentes da comisión de selección:

**Presidenta:** Elena Fabeiro Castro.

(Xerente da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño)

**Vogais:** María Noelia Peña Pérez, Nuria Benlloch Giao, Ana Rodríguez Piñeiro, Isabel Jiménez Polo, Alberto Ignacio Montenegro García.

**Secretaria:** Purificación Ruido Conde.

## Premiados/as:

**1º premio:** Alberto Blanco Taboada, pola obra *Orografía*.

**2º premio:** Sonia Fernández Gandásegui, pola obra *Inflorescencia*.

**3º premio:** Daniel Rivas Fernández, pola obra *Areais*.

**Mención de honra:** Eva Soto Conde, pola obra *Diálogo con el arte*.

# Alberto Blanco Taboada



## Alberto Blanco Taboada

08/08/1984

Con 15 anos acudía, interesado na ourivería, a un taller especializado na fundición de trofeos en bronce, xoiería e pratería e na restauración do rico patrimonio en prata das igrexas galegas. Alí descubrín a miña alerxia ao bronce, así que me quedou claro que se algún día me dedicaba ao oficio sería en metais nobres.

Con inquedanza polo mundo do deseño e a fabricación de produtos, con 18 anos obtiven o certificado de Técnico Auxiliar en Deseño Gráfico.

Traballo durante anos en diversos oficios da construción, principalmente como albanel, o que me permite coñecer de primeira man materiais e procesos construtivos.

Con 26 anos realizo un curso de xoiería de 925 horas que inclúe prácticas de empresa na creación de deseños e procesos de fabricación para Ourives da Arte.

Traballo na cadea de fabricación de Faurecia Automotiv, unha empresa que elabora pezas de automoción para Citroën.

Traballo en estacións de servizo Pérez Rumbao da Avda. de Zamora en Ourense.

Reincorpórome ao cadro de persoal de Faurecia Automotiv.

Dedico tempo á práctica da xoiería, realizando algunha peza para familiares e amigos. O meu primeiro encargo foron as aliaxes de voda para a miña irmá. Dáse a circunstancia de que realicei as aliaxes a uns noivos que viven nun piso do que levantei os tabiques anos antes. Éncheme de orgullo o salto en escala e materiais, houbo un curioso periplo entre ambas obras.

Actualmente centro os meus esforzos en abrimme camiño co oficio de ourive apostando polo deseño. Por iso, animeime a presentarme ao Concurso Xuventude Crea.



# Sonia Fernández Gandásegui



## **Sonia Fernández Gandásegui**

30/06/1988. A Coruña

### **Experiencia laboral:**

- Novembro 2011-xaneiro 2013. Xestión de proxectos de deseño de packaging en Per-Pack S.L (Les franqueses, Barcelona).
- Abril-octubre 2011. Bolseira de deseño gráfico e de produto en Perspective Consultoría S.L. (Alella, Barcelona).

### **Formación educativa:**

- 2011: Posgrao en Deseño de Mobiliario en ELISA.
- 2013-Actualidade: Ciclo Superior Xoiería Artística en EASD Mestre Mateo (Santiago de Compostela).
- VA Escola Superior de Disseny de Barcelona (Universitat Pompeu Fabra).
- 2010-2011: Curso Ponte para obter o grao en Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto en EUDI Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol (Universidade da Coruña).
- 2006-2010: Enxeñería Técnica en Deseño Industrial en EUDI Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol (Universidade da Coruña).
- 2004-2006: Bacharelato Modalidade Científico-Técnico en IES María Casares de Bastiagueiro, A Coruña.



# Daniel Rivas Fernández



## Daniel Rivas Fernández

20 de novembro de 1989, natural da Xironda, Ourense. Técnico Superior en Xoiaría Artística.


Comeza os seus estudos de xoiaría en 2007 en Vigo, formándose nas diferentes ramas da materia como a fabricación artesanal, engaste, gravado artístico, deseño ou enfiado. En 2011 múdase a Barcelona, onde continúa coa súa formación centrándose máis no deseño contemporáneo aplicado á xoiaría artesanal, á vez que investiga sobre outras técnicas como a fundición, ceras, esmaltes, microfusión...

Dende os seus comezos as súas obras son recoñecidas en diferentes certames a nivel nacional e internacional, onde se poden atopar os seus traballos ano tras ano en feiras como *PortoJoia*, *MadridJoya*, *EspaiJoia*, *JoyaBarcelona* ou *Eurobijoux&Mibi*. Entre os seus premios cabe destacar os últimos logrados: *XuventudeCrea2013* (colección "Paseo de mar e montaña") e 2014 (colección "Areais"). Ademais de ser finalista en 5 ocasións no Portojoia Desing Award ou nos premios EuroFashion Bijoux. Galerías de arte e museos como a Fundación Granell de Santiago de Compostela, o Centro Cultural Marcos Varcárcel de Ourense, ou o Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona xa teñen acollido obras deste autor. Ademais de que numerosos medios de comunicación como o Gold&Time, Contraste, ArteYJoya ou a prestixiosa Schmuck Magazine recollen a súa traxectoria.

Neste intre o autor atópase nunha fase de investigación sobre diferentes formas onde a combinación da xoiaría clásica e contemporánea vaian da man, onde pezas que incorporan obxectos cotiáns se transformen en xoias únicas de colección.



# Eva Soto Conde



## Eva Soto Conde

Cambados, 29 novembro 1984

### Datos académicos:


- 2004/05-2007/08 Licenciada en Belas Artes. Facultade de Belas Artes, Pontevedra.
- 2006/07- 2008/09 Estudos Superiores de Deseño Téxtil e Moda de Galiza-ESDEMGA. Facultade de Belas Artes, Pontevedra
- 2010/2011 "Máster Universitario no Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas". Facultade de Belas Artes.

### Bolsas:

- 2011 Bolsa de Investigación (Universidade de Vigo).
- 2007/08 Bolsa de Colaboración ESDEMGA, en Taller Téxtil.
- 2006/07 Bolsa de Colaboración ESDEMGA, en Taller Téxtil.

### Premios:

- 2014 Colección Primavera/Verán 2015, Mercedes Benz Fashion Week Madrid.
- 2014 1º Premio Concurso Internacional de Vestidos de Papel (Bilbao)
- 2013 1º Premio no Concurso Nacional de Vestidos de papel de Molllerussa, Barcelona
- 2013 Colección Primavera/Verán 2014, Mercedes Benz Fashion Week Madrid (EGO)
- 2012 1º e 3º Premio no Concurso Nacional de Vestidos de papel de Molllerussa, Barcelona.
- 2012 Colección Primavera-Verán 2013, Pasarela Mercedes Benz Fashion Week Madrid (EGO)
- 2012, Finalista do Concurso Internacional Art&Fashion, Bilbao.
- 2011, 1º Premio no Concurso Nacional de Vestidos de papel de Molllerussa (categoría moda actual), Barcelona.
- 2011, 3º Premio en el Concurso Nacional de Vestidos de papel para Barbie de Molllerussa (Barcelona).
- 2011, 1º Premio no Concurso de Novos deseñadores de Noiva, Salón Nupcial de Blanco. Organizado por FIMO, Feira Internacional de Mostras do Noroeste, Ferrol.
- 2011, 1º Premio no Concurso Internacional de Vestidos de papel "categoría de adulto" de Gueñes, Vizcaya
- 2011, 2º Premio no Concurso Internacional de Vestidos de papel "categoría infantil" de Gueñes, Vizcaya.
- 2010, 1º Premio de Deseño de Xoias, no programa "Xuventude Crea", organizado por la Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- 2010, Mención de Honra ao "Deseño máis innovador", outorgado por Caixanova, no Certame Galego de Novos Creadores de Moda "TESOIRA 2010".
- 2010, 1º Premio ao "Mellor Complemento" na Mostra Nacional de Novos Deseñadores Cantabria 2010, organizado pola Consellería de Emprego e Benestar Social a través da Dirección Xeral de Xuventude.
- 2010, 1º Premio ao "Mellor Traxe de Baño" na Mostra Nacional de Novos Deseñadores Cantabria.





# ESPECIALIDADE DE GRAFFITI

## Compañentes da comisión de selección:

**Presidenta:** Yolanda Otero Balsa.

(Subdirectora xeral de Promoción de Actividades, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar).

**Vogais:** Amabel González Troncoso, Antonio Barbará Fernández, Juan Carlos Abralde Rendo, Antonio Rodríguez Lagoa.

**Secretaria:** Clara M<sup>a</sup> Rivas González .

## Premiados/as:

**1º premio:** Brais Rodríguez Trigo, pola obra *Estilo salvaxe*.

**2º premio:** Tirso Paz Sans, pola obra *Movemento*.

**3º premio:** Adrián Lomba Balea, pola obra *O.V.N.I.*

**Mención de honra:** Abraham Caride Fernández, pola obra *Liberdade*.

# Brais Rodríguez Trigo



## **Brais Rodríguez Trigo.**

Nado no 87 na Coruña, é de aquí de onde sae a súa "obra". Estuda bacharelato artístico en Adormideras e remata o ciclo de técnico superior en Ilustración na escola Pablo Picasso.

Realiza graffiti desde os quince anos e encargos esporádicos para particulares, centros de educación, deporte ou empresas. Decora espazos comúns en comunidades de veciños e en xeral, para domicilios e todo tipo de negocios ou eventos. Este ano 2014 colaborou coas bodegas de viño Alecrín (D.O. Ribeiro) e a Asociación Arteficial para o deseño de etiquetas dunha edición limitada de botellas de viño.

Contacto: [brais87@hotmail.es](mailto:brais87@hotmail.es)



# Tirso Paz Sans





# Adrián Lomba Balea



## Adrián Lomba Balea


Vigo, 28/02/1990

Empecei a pintar no 2000 con 10 anos, primeiro intereseime polo óleo, pouco despois quixen probar con máis técnicas tales como acuarela, carbonciño, ata que no 2005 atrevínme cos muros de Vigo, despois de ver no meu barrio a varios graffiteiros en acción. Comecei a aprender a manexar un aerosol da man de Sax (Gañadora de Galiza Crea en edicións anteriores), actualmente formo parte de grupos como MP3, SOLOS, e RCK nos que compartimos o gusto polo graffiti. Procuo moverme a nivel autonómico para aprender dos meus iguais e coñecer a novos creadores acudindo a exhibicións, quedadas e festivais e desta forma manterme en continua formación.

Pintar converteuse en máis que unha afección, volveuse a miña forma de vida e unha maneira de introducirme no mercado laboral customizando todo tipo de roupa e obxectos, pintando fachadas, logos de empresas, habitacións temáticas...



# Abraham Caride Fernández



## Abraham Caride Fernández

26/11/1985 - Ourense

### Formación:

- 2007 - Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.
- 2011 - Estudos Superiores de Deseño Gráfico. (EASD Antonio Faílde).

### Experiencia:

- 2006 - Exposición colectiva "Entreliñas" na Biblioteca Universitaria do Campus de Ourense.
- 2012 - Exposición colectiva "Azul y Rojo" en "Elcercano.com" (Ourense).
- 2013 - Exposición individual "Yo no soy Ben Affleck" en Galería Tony Ferrer (Ourense).
- 2014 - Exposición individual "Yo no soy Justin Bieber" en "Casa da Xuventude" (Ourense).
- 2014 - Exposición individual "Eu não sou Justin Bieber" en Livraria Mavy (Braga / Portugal).
- 2014 - Exposición individual "Yo no soy Mariano Rajoy" en Fábrica Keltius (Ourense).
- Premios 2014 - Premio do público á mellor obra en III Cromática: Bienal de Pintura Joven Fundación Cum Laude.





# ESPECIALIDADE DE MODA

## **Compoñentes da comisión de selección:**

**Presidenta:** María Peón Fernández.

(Xefa territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Vigo).

**Vogais:** Ana Fuentes Crego, María Jesús Fuente Decimavilla, Mar Mato Pérez, Heriberto Otero González, Cristóbal Vidal González.

**Secretaria:** José Antonio Rodríguez Fachado.

## **Premiados/as:**

**1º premio:** Sheila Pazos Silva, pola obra *Cu-cú*.

**2º premio:** Noelia Taibo Mera, pola obra *Inner voice*.

**3º premio:** Sara Gago López, pola obra *Dúo*.

# Sheila Pazos Silva



**Sheila Pazos Silva**  
(Xenebra, 1986)

Licenciada en Belas Artes en 2009 pola Universidade de Vigo con Premio Fin de Carreira, ampliou os seus estudos cursando un máster en Maya (3D) en Madrid, un máster en Arte Contemporánea, Creación e Investigación na Universidade de Vigo e agora atópase en período de redacción da súa tese doutoral e cursando estudos superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galicia (ESDEMGA).

Participou en numerosas exposicións colectivas e individuais, nacionais e internacionais. Gañou ademais varios premios como o 3º Premio Xuventude Crea de Moda 2013, o 3º Premio do X Certame Internacional de Artes Plásticas da Deputación de Ourense en 2011, o 2º Premio en Artes Plásticas Xuventude Crea 2010, a Bolsa Novos Valores 2009 da Deputación de Pontevedra, 1º Premio de Videocreación Gz Crea 2008 e recibiu varios accésits e mencións de honra.

Realizou, ademais, prácticas en Viktor&Rolf en Ámsterdam en 2014 e colaborou con Nike nunha campaña publicitaria para a revista NEO2 de novembro 2013.



# Noelia Taibo Mera



## **Noelia Taibo Mera**

A cultura e a arte atraéronme dende moi cativa. A sensibilidade polas formas e as cores sempre espertou a miña curiosidade.

Fascínanme a creación e a innovación, polo que me formei como deseñadora de moda. A inspiración nace en min a partir das sensacións que me transmiten nun determinado intre unha película, unha canción ou unha paisaxe. A partir dese momento comeza o proceso de investigación e creación.

Outra das miñas grandes debilidades é coñecer novos lugares e culturas. Considero que viaxar é a mellor forma de sentir liberdade e atopar boas oportunidades. Por iso decidín mudarme a Londres cando rematei os estudos, onde traballei como deseñadora de moda en Lui's womenswear.



# Sara Gago López



**Sara Gago López**, 23 anos.

Son da Coruña, graduada en deseño de moda en Barcelona e agora volvín á Coruña por traballo.

Debuxo desde moi pequena e sempre me gustou o sector téxtil. Como deseñadora, son unha persoa moi apaixonada por esta profesión, por mellorar día a día e así aprender novas maneiras de actuar, deseñar e traballar. A colección presentada ao concurso está inspirada no mito de Platón chamado "mito do andróxino ou do amor", onde se explica desde unha perspectiva filosófica a orixe do amor.





# ESPECIALIDADE DE MÚSICA

## Compoñentes da comisión de selección:

**Presidenta:** Yolanda Otero Balsa.

(Subdirectora xeral de Promoción de Actividades, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar).

**Vogais:** Cristina González Viqueberg, Julio Gómez Alonso, Roberto Hermida Rey, Miguel Franqueiro Becerra, Francisco Gómez Seijo.

**Secretaria:** M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas.

## Premiados/as:

**1º premio:** Blue Meth State, polas cancións *Marea branca* e *My orders, your hands*.

**2º premio:** Cris Román, polas cancións *As verbas do contento* e *Antes de nacer*.

**3º premio:** Miguel Alonso e Banda, polas cancións *A túa coartada* e *Deixa-me dizer-te*.

# Blue Meth State





# Cris Román



## Cristina Gómez Román

Teño 29 anos e traballo na Universidade de Santiago de Compostela como investigadora. Estou a realizar a miña tese no departamento de psicoloxía social, pero a música sempre foi a miña válvula de escape. Comecei a miña andadura musical sendo moi nena, cando a guitarra aínda era máis grande ca min. Dende os 7 anos empecei a tocar e cantar no coro do colexio e dende entón sempre estiven vinculada á música.

No conservatorio cursei ata 3º de grao medio e durante case tres anos formei parte do grupo de Rock AreavastA, ata que por motivos laborais tiven que desvincularme da formación. Ademais formo parte da coral Capela de Música Laudada Sion e do grupo Cans de Taberna.

A miña andadura en solitario como cantautora sempre estivo presente en todas as etapas da miña vida. Compoñer supón para min unha necesidade expresiva vinculada aos momentos máis importantes da miña biografía. De feito, un dos temas presentados no Xuventude Crea é unha canción que compuxen cando souben que ía ser tía por segunda vez. O concurso supuxo a oportunidade de dar a coñecer as miñas cancións no formato que máis me gusta: a complicitade do formato acústico onde a miña voz e as miñas letras crean un vínculo con aqueles que as escoitan.



# Miguel Alonso e Banda



Miguel Alonso é un cantautor ferrolán. Ademais de actuar en solitario, en ocasións preséntase en eléctrico. Aínda que a formación non é completamente estábel, a maioría das ocasións a banda está formada por Iago Blanco (batería, loops, coros), Javier Santana (guitarras, mandolina e lap-steel) e Juan Aparicio (baixo). O propio Miguel adoita encargarse das guitarras, da harmónica, do piano e, abofé, da voz.

O seu repertorio é maioritariamente en galego e, así, publicaron xa un disco (*A noite dos cans*, 2010) e un EP (*O día despois da noite dos cans*, 2013), mais tamén teñen un disco en castelán, onde regravan cancións moi antigas do repertorio do cantautor. Chámase *Como dioses de alquiler* (2014) e viu a luz grazas á recepción dunha das axudas á Creación Nova do Injuve.

O eclecticismo é predominante na música que fai, alternando ritmos pop e rock con músicas propias de cantautor, country, folk...

Recibiu xa varios premios, entre eles o Xuventude Crea (que gañou no 2010 e do que xa foi finalista en dúas ocasións máis, acadando o 3º premio no 2014) e o Lidera Ferrol (que gañaron no 2013 e quedaron en 3º lugar no 2014). Miguel acaba de recibir tamén unha axuda da Fundación SGAE para argallar un novo proxecto musicando a poetas galegos actuais, que xa está comezando a ensinar en directo actualmente.

Podés obter máis información en [www.miguelalonsoweb.tk](http://www.miguelalonsoweb.tk)





# ESPECIALIDADE DE TEATRO

## **Compoñentes da comisión de selección:**

**Presidenta:** Yolanda Otero Balsa.

(Subdirectora xeral de Promoción de Actividades, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar).

**Vogais:** María Mera Constenla, Manuel Guede Oliva, Camilo Franco Iglesias, Antonio Vázquez Turnes, Artur Trillo Sendón.

**Secretaria:** Ángela Fernández Rey.

## **Premiados/as:**

**1º premio:** Os farsantes, pola obra *Vincent*.

**2º premio:** Pinchacarneiro, pola obra *Tralo telón*.

**3º premio:** La passoire, pola obra *Fétide nettoyage*.

# Os farsantes



## Os farsantes teatro.

Os farsantes é un colectivo de persoas vinculadas coas artes escénicas que xorde no ano 2013 no seo da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Grazas á apertura nesta escola dun percorrido de interpretación xestual, un grupo de alumnos deciden dar saída aos traballos presentados na aula dentro deste programa. Desta forma no ano 2013 estréase o espectáculo *Momo*, unha adaptación en teatro físico da novela de Michael Ende e realizada en clave mimodramática. Pola súa banda, o proxecto *Vincent* xorde un ano despois como un proxecto de investigación a partir da vida do pintor Van Gogh. Este espectáculo é estreado na ESAD-G en maio de 2014 e posteriormente, e grazas ás inquietudes artísticas dos seus actores e tamén baixo a dirección de Alfonso Rivera, foi presentado no Auditorio Municipal do Concello de Vigo e a Sala García Lorca da RESAD, Madrid.



# Pinchacarneiro



## Pinchacarneiro Teatro

(Noia)

### Datos da compañía:

- Correo electrónico: [pinchacarneiro09@gmail.com](mailto:pinchacarneiro09@gmail.com)
- Web: [www.pinchacarneiro.com](http://www.pinchacarneiro.com)
- Facebook: <https://www.facebook.com/PinchacarneiroTeatro?fref=ts>

### Integrantes da compañía:

- Marta Gómez Álvarez
- Ramón Insua Berias.
- Natalia Ibáñez Suárez.
- Gael Núñez Jato.
- David Carrera Barciela.
- Manuel Morán.

### Obras:

- *Policía*, ano 2010 (Premio ó mellor actor na XI Mostra de Teatro Universitario de Galicia)
- *A comedia do Gurgullo*, ano 2011
- *Baixarse ao Moro*, ano 2012 (Premios á mellor dirección, mellor actor e mellor actriz na XIII Mostra de Teatro Universitario de Galicia)
- *Proxecto 45*, ano 2013 (2º premio Xuventude Crea 2013, mellor actor e mencións especiais á mellor actriz e ao mellor vestiario na XIV Mostra de Teatro Universitario de Galicia)
- *Tralo Telón*, ano 2014 (Premios á mellor dirección, mellor espectáculo, mellor actor e mellor actriz na XV Mostra de Teatro Universitario de Galicia. Segundo premio do certame XVII Candilejas- Don Bosco).



# La passoire



## La Passoire

La Passoire Teatro está formado por dúas novas actrices, que a pesar da súa xuventude e de que ambas as dúas seguen en proceso formativo atesouran nos seus curriculumms unha nutrida experiencia sobre as táboas.

Antea Rodríguez é unha alumna da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo, a punto de finalizar os seus estudos. Iniciouse na interpretación na súa infancia, na Escola Municipal de Teatro de Ourense. Xa no instituto forma parte da galardoada compañía Tarumba do I.E.S. Universidade Laboral de Ourense, sendo dirixida por un dos directores revelación do panorama galego na actualidade, Tito Asorey. Son seleccionados con *Don Juan* nos VII Premios “Buero” de Teatro Joven. Tras a súa primeira experiencia xirando por diferentes teatros da xeografía española ingresa na Aula de Teatro Universitario de Ourense, cuxa formación e dirección corre a cargo da prestixiosa compañía

galega Sarabela Teatro. Con esta experiencia ten a posibilidade, non só de facer unha montaxe grande, a nivel actoral e escenográfica, senón tamén de levala por teatros de España, Portugal, Italia e Marrocos. Tras esta vivencia clarifica a súa vocación e decídese a ingresar na ESAD. Paralelamente á súa experiencia infantil e adolescente no teatro, recibe formación musical. Realiza estudos de piano e ingresa no Conservatorio Superior de Música de Ourense, na especialidade de violonchelo, completando o grao elemental e 1º-2º curso de grao medio. Dentro da súa práctica profesional destaca a súa incursión no medio audiovisual, participando na webserie *Vigopolis* e protagonizando a curtametraxe *Sen Motivo Aparente*. O seu apego polo teatro e coa necesidade de deixar voar a súa creatividade contacta coa actriz Leticia Piñeiro para crear *Fétide Nettoyage*.

Leticia Piñeiro é unha actriz con catro anos de experiencia na Aula de Teatro da Universidade de Ourense. Sendo formada non só en técnicas actorais de dominio do corpo, voz, creación do personaxe, etc. senón tamén formando parte de dúas das grandes montaxes da Aula de Teatro. No espectáculo *Hide (oculto)*, dramaturxia a partir de *O estraño caso do doutor Jekyll e Mr. Hyde* de Robert Louis Stevenson. Ademais de, en *Un novo mundo feliz*, dramaturxia a partir de *Un mundo feliz* de Aldous Huxley, dirixidas ambas as dúas polo actor de gran traxectoria, Fernando Dacosta. Realizando con ambas as dúas montaxes as súas respectivas xiras teatrais por festivais e mostras de gran parte de España, Portugal e Italia. A súa inquietude por profesionalizar a súa técnica lévaa a buscar constantemente seminarios, cursos en diferentes escolas e con mestres de distintos países do mundo. É resaltable a súa formación na Escola de Cristina Rota (Madrid), onde foi seleccionada para o seminario “Achegamento ao cine para actores” impartido por Juan Diego Botto. Continuando coa súa avidez formativa, na actualidade é alumna de Artefonía Escola de Actores. Con ganas de seguir creando novas formas de facer teatro toma contacto con Antea Rodríguez e somérxese na creación de *Fétide Nettoyage*.

O grupo neonato de La Passoire xorde da man da creación teatral *Fétide Nettoyage*. Que foi antes o ovo ou a galiña? Pois no momento en que Antea e Leticia se xuntaron rodeadas de textos dos seus autores favoritos Harold Pinter, Sarah Kane, Angelica Liddell, Eduardo Alonso, Rodrigo García, Dario Fo e Eugène Ionesco, aí xa estaba a nacer La Passoire. Finalmente seleccionando textos de estilo contemporáneo e traballando a través das súas emocións, con exercicios psicofisiolóxicos, de memoria afectiva e probando todo tipo de música como vehículo sensorial. Dende o violonchelo de Jacqueline Du Pre, á voz esgazada de Chavela Vargas ou o Hallelujah Jeff Buckley, constrúen *Fétide Nettoyage* e o que no futuro será o sinal de identidade do grupo de teatro La Passoire.





# ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN

## **Compañentes da comisión de selección:**

**Presidenta:** Yolanda Otero Balsa.

(Subdirectora xeral de Promoción de Actividades, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar).

**Vogais:** Ignacio Vilar Díaz, Paco Freire Magariños, Manuel García Torre, Julio Casal Fernández.

**Secretario:** José Manuel Ramberde Sexto.

## **Premiados/as:**

**1º premio:** Javier Llinares Barral pola obra *Ánima*.

**2º premio:** Míriam Rodríguez Domínguez, pola obra *Mareas*.

**3º premio:** Nuria Mosqueira Varela, pola obra *Aldea 1991-2014*.

# Javier Llinares Barral



## Javier Llinares Barral

Creador de historias e amante da imaxe. Licenciado en Historia e estudante de Animación 3D.

Blogger.

[javierllinaresbarral@hotmail.com](mailto:javierllinaresbarral@hotmail.com)

Ao rematar o Bacharelato decidín embarcarme na Licenciatura de Historia en Santiago de Compostela.

Tras terminar a carreira e finalmente licenciarme no verán de 2013 decidín, coas ideas máis claras que nunca, aprender e empaparme do mundo

audiovisual que desde pequeno me fascinara. Atopara a miña verdadeira vocación.

Amante da escritura, os videoxogos, a animación por ordenador, o cine e a fotografía non dubidei nin un minuto en orientar a miña vida a este mundo, xa pensando (máis que nunca) no meu futuro como profesional deste sector.

No curso pasado (2013/2014) realicei na miña cidade natal tres cursos profesionais de fotografía, son e posproducción dixital para empaparme e deixarme fascinar polo universo das imaxes e ir asentando unha base.

Tamén estiven ocupado xestionando e creando o meu novo blog onde realizo reseñas de películas, videoxogos e comento artigos de interese ao igual que realizando tres cursos a distancia de Técnicas de Creatividade, Presentacións Eficaces e Deseño, Organización e Avaliación de videoxogos e gamificación impartido pola Universidade de Cantabria e a Complutense de Madrid os cales terminei en maio de 2014.


No mesmo mes inicié outros dous cursos a distancia sobre televisión impartido pola Pompeu Fabra en Barcelona e o mundo de Community Manager pola Universidade Cardenal Herrera.

A miña principal idea era a de afianzar unha base nun mundo que, aínda que non descoñecido, nunca o estudara como se merecía para finalmente, e xa asentado en Madrid, dedicar os dous seguintes anos da miña vida estudando a Formación Técnica Superior de Animación 3D, Contornos Dixitais e Videoxogos na Escola Superior de Imaxe e Son CES na que agora mesmo me atopo para, e espero, dedicarme a isto no futuro.

Este verán estiven de bolseiro en prácticas na produtora coruñesa Lúa Filmes.



# Miriam Rodríguez Domínguez



## **Miriam Rodríguez Domínguez**

18/04/84.

### **Estudios:**

2003-2008: Licenciatura Ciencias Políticas e da Administración Pública pola USC.

2008-2010: Realización Audiovisual pola EISV.

2010- Título de monitora de tempo libre.

Traballos varios de camareira, monitora e o que vaia xurdindo para saír adiante e poder empregar o meu tempo libre ao que realmente me gusta, que é a realización e vídeo.

2010- Participación no Culturgal coa curta-documental *A Panificadora*.

2010- Premio Curtocircuíto á mellor curta de Escolas Galegas con *Home Cobaia*.

2012- 1º Premio do Día Internacional pola Violencia de Xénero da Concellería de Igualdade de Vigo coa microcurta *Semella que estou lonxe*.

2014- 2º Premio de Curtas para Rosalía da ASPG polo videopoema *Velaquí o texto*.

Na actualidade tamén formo parte da *Asociación Cultural Bou Eva* en Vigo na que participo coa programación e xestión cultural da asociación.



# Nuria Mosqueira Varela



## Nuria Mosqueira

Nace na Coruña en 1989. Estuda Belas Artes na Universidade de Salamanca e un ano no TEI de Atenas grazas a unha beca Erasmus. Posteriormente realiza o *Máster en Investigación en Arte y Creación* na Universidade Complutense de Madrid.

Tamén, debido a un interese crecente polo audiovisual asiste ao Curso de Cámara e Realización na produtora Voz Audiovisual (A Coruña) así como a distintos talleres e cursos esporádicos.

Durante dous meses traballa como formadora voluntaria en talleres audiovisuais dentro do proxecto Ventana a la diversidad en Mentawai (Indonesia).

A súa obra é multidisciplinar, abarcando distintas áreas como a fotografía, o vídeo, a pintura ou a performance. Os seus traballos máis recentes parten dunha investigación sobre o contexto da aldea galega desde unha mirada persoal para falar da memoria colectiva e da identidade.

Recibiu premios e foi seleccionada en distintos concursos de pintura, fotografía ou deseño de carteis. Así mesmo, participou en exposicións en cidades como A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Atenas, Benicàssim, Pamplona ou Salamanca.





# ESPECIALIDADE DE POESÍA

## Compoñentes da comisión de selección:

**Presidenta:** Yolanda Otero Balsa.

(Subdirectora xeral de Promoción e Actividades) por delegación do director xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, da Xunta de Galicia, D. Ovidio Rodeiro Tato.

**Vogais:** Guadalupe Gómez Arto, Xosé Luna Sanmartín, Luis González Tosar, Victor Manuel Furelos Guillén.

**Secretaria:** Pilar Tamerón Montesinos.

## Premiados/as:

**1º premio compartido:** Brais González Pérez, pola obra *Robeson, calquera*  
Charo López Sánchez, pola obra *Do quotidiano (random)*.

**2º premio compartido:** Fabián Freixedo Fariñas, pola obra *IN-HERENCIAS. Anacos de familiaridade*  
Ismael Ramos Castelo, pola obra *O grande pecador*.

**3º premio compartido:** Lúa Gándara, pola obra *O meu patio de luces é moi feo*.  
Olalla Liñanes García, pola obra *Pirroto*.

## Brais González Pérez



Brais González Pérez nace en Budiño, Salceda de Caselas, un día calquera do verán do 1988. Comezando no colexio Pantel ou no Altamira, rematou o instituto no vigués Santa Irene e lanzouse aos estudos de Dereito na capital galega.

Ten escrito algunha cousa en autoedición (*Sangue sobre silencio*, 2004) e fíxose con algúns pequenos premios como o Ánxel Casal ou o Ourense para a mocidade. Mais sobre todo, ten recitado coas compañeiras que comparten soños no Festival da Poesía do Condado, nunha Salvaterra onde segue moi presente a memoria de Manolo Soto "o Rata".

Título da obra: ***Robeson, calquera***

*Olalla de Outomuro*

**I.**

Desta maneira  
retorcendo o corpo dos fonemas  
fodéndonos na dúbida  
manexando con rubor as cordas da paciencia  
renunciando a cada opción que di “automático”  
facendo dos nosos nomes unha barricada  
de pneumáticos.

**II**

Non entendo (Douve)  
os cordóns de chumbo que amalloan a nenez  
a inmovilidade de carbón  
os ladros de cans eléctricos  
que nos empurran de a través

non comprendo que aquí empoce a vida  
deica que calquera que pase e que dubide  
o poña todo a roldar.

**III**

Reprégase o amor  
e os hoteleiros agóchanse nos bares sen terraza  
xa nada existe fóra agora  
barrio chovido inmóbil  
asaltan as mesas xogos de cartón  
na ponte do sorrir sacrifícase a nenez  
alguén pide un alto ao fogo na batalla de landras.

**IV.**

Lémbrote acochada  
blindada de edredóns  
tremar  
atopar o lugar de suspender  
esta cousa e mais aquela  
facernos exército coas mans

despois esta era a saída  
remontar cos pés  
unha gralla de espiño.

**V.**

Perséguate un gato insoportábel  
nun baixo acenden unha serra eléctrica  
algunha cousa camiña os tellados  
xa non o medo  
(por exemplo unha breve luz  
prende dunha praza inaugurada en ningures  
por un alcalde no ano tal)  
só unha sombra esluída que golpea  
as sinais de estreitamento de carril  
agora.

**VI.**

Entrar neste inverno que se adía permanente  
e izar os beizos  
reescribir cun rastro de xiz  
o pasado esluído para  
que dentro dunha vogal medre unha pomba  
mosos mascatos de lume  
a atravesaren o poñente.

**VII.**

Fico aquí a pensar  
sobre a palabra exacta para nomear  
a pel desta laranxa  
(codia, tona, monda, pelica)  
un autobús regular partiu  
nada raro.

**VIII.**

Pois ben  
neste poema cabe Robeson  
ou calquera  
por moito que se poña de lado

o máis difícil é sosterse  
sobre as unllas

neste pequeno cuarto  
cabem asubíos e complexas estruturas  
de fume de tabaco

neste pequeno tupperware  
cabe o amor  
que alimente unha tarde de praia.

**IX.**

Alguén debe traer os pasteis de nata  
tentar reparar os corpos rotos do presente  
preparar unha memoria de viaxe  
colocar un tempo dentro deste tempo  
lavar as uvas da vendima  
inxertar un agromo de certeza  
convocarnos á festa da colleita  
defender os trazos.

# Charo López Sánchez



(Boiro, 1988) Estudei xornalismo na USC e fotografía na Escola de Arte Antonio Faiñde. A necesidade de comunicar busca formato, letras, sons, cores. A imaxe fixa e o texto conseguem ser as ferramentas -de maneira complementaria ou independente- que me axudan a interpretar e describer unha realidade complexa. Criaçom e comunicaçom difuminam-se; reflexom e expresom som palancas. Para saltar, ou caminhar, quando menos.

Título da obra: ***Do quotidiano (random)***

*by: Valentina V. Tereshkova*

Os métodos eugenistas modernos céntranse no diagnóstico prenatal e a exploración fetal, a orientación produtivista, a fecundación in vitro e a enxeñaría xenética.

Todas as xeracións de meu, abortadas por un patrón.

Nunca atoparás o país das marabillas deste lado. Tes que romper o espello.

baleirar o bolso:

pipas salgadas chaves caramelos vellos colados ao forro chisqueiros tickets usados do bus os óculos  
as pastillas autocolantes antifascistas a carteira o móbil a libreta unhas follas algunha area e terra  
de onde saíu tanta terra?

Terra a botar por fóra.

Terra quente Treme a terra Eu terra.  
A tribo As flores Arché.  
As mulleres da miña tribo.  
O/s tempo/s A terra.  
Deus/a A terra  
Os espíritos e nós as estacións Terra e azul.

Hai fragas que nunca darás descuberto.

Sempre vivín en Babilonia e falei arameo até os trece anos.  
Pertenzo á stirpe dos pobos bárbaros.  
Fun alteridade no cuarto mundo.  
Teño sangue e alma negra  
negrísima como acibeche ou petróleo  
negra subsahariana da Arousa

Todas as mañás  
ábrolle a porta ás galiñas, saco a pacer o unicornio e acomero os coellos brancos.  
Antes de me mirar no espello.  
Despois, vou onda as acelgas, e os repolos. Doulle o bo día ás caléndulas e ás ortigas. E ben o sol,  
ben a chuvia, ben o vento,  
acaríñanme as pernas por entre a saia e as medias.

Mais tamén hai días  
que bebo o leite cortado  
con un pesar mesto e toda a louza por lavar  
e teño que escalar a parede  
para pendurarme da lámpada e poder balancearme  
até adormecer

O monoteísmo tortura e asasina.  
Xa ninguén cre nas árbores? E os seus berros desesperados e infravermellos contra as desbrozadoras  
e os paramilitares.

“Mais se os xogos da linguaxe son a lei do noso mundo, iso non implica que se atope aí o  
imperativo da filosofía.”

A música é indicíbel  
como o silencio

...e ver a diario o teu violín  
na vidreira do Cash Converter por 287,95.  
Na hora do ensaio carpir de carraxe  
a mirar fotos sorrisos instagram  
contrastar cos meus mocos.

Como que a verdade non existe François?

E seguir á procura de masters baratos ante o abismo de asumir,  
dunha vez por todas, a militancia agrícola.

que fago entón con ese soño  
no que son Valentina V. Tereshkova,  
a máis intrépida cosmonatura galega,  
do meu soviet aldeán á lúa.

A lúa téñoa eu entre as pernas.

“Cando se quere delimitar o sentido do sen-sentido hai que referirse ao universo das regras”

Xa tes reparado como son doces as augas dos ollos?

Cando ao estar en horizontal, a lágrima do ollo de cima surca todo o nariz, agárrase  
antigravitatoriamente ao tabique e entra suavísimamente no ollo de baixo. É unha masaxe acuosa no  
globo terrestre.

[ZOOM IN]

Xa tes escoitado os caracois,  
cando berran desesperadamente?

[ZOOM OUT]

Eu si; na verdade danme un pouco de vergoña allea.

Eu só choro debaixo do mar,  
como as sereas, para que non se perciba.

E tamén para que a auga salgada estea toda xunta. Como ordenada, na gabeta dos océanos.

A paciencia non ten a ver con tempos de espera, mais coa forza para afrontar a dor sen  
perturbarnos.

Impaciencia. Perturbación meta física meta cabalo

Frío

como a fame nas montañas de Lugo. Como os esqueletos do Kilimanjaro, sen lápidas nin misas  
cantadas nin nada.

Non confundir a forza de vontade co sacrificio.

Non confundir o frío coa morte. O letargo.

O non-frío antecede á primavera

abenzoados os combatentes contra o frío, para eles serán o sol e os abrazos.

Loira

Aínda quero navegar.

Sol Risa Fotosíntese Calor como nun videoclip de kusturica pero sen sede.

Verán só é despois de tres estacións, 200 días seguidos a chover e moreas de mortes inxustas á carón do frío.

O calor tira o medo.

(Por certo,

Sabías que os homosexuais teñen o remuíño do cabelo en sentido antihorario?

É causa da mecánica celeste e outras cousas abstractas

da biopolítica da ontoloxía do non-homebrancopropietarioheteronormal.)

O reino dos ceos existe? -o ceo só é o aire a tocar coa terra- respostou o oráculo.

...

Na miña tribo somos uns centos, a maior parte defuntos.

os defuntos na terra compostan para alimento dos vivos no aire.

Que non che pareza pouco. A historia é  
gorda como o atlántico enteiro a arrolar cadáveres nos cons da costa da morte.

As bruxas todas da aldea celebraran  
con entusiasmo e sorrisos grandísimos o meu sangue luar,  
e aínda con máis ilusión, os meus actos terroristas e outros meus amores, as delicadas trenzas de  
vimbio para cestos, e a maneira tan fina de pendurar penas dos meus cabelos, e danzar cos abelorios  
decorándome como unha deusa menopáusica. Fermosa e espiñenta. Druantia dos soutos a tocar a  
pandeyreta nos semáforos.

Proletarias somos todas as fillas de Eva.

**camaradas, nunca máis seremos indíxenas?**

## *Fabián Freixedo Fariñas*



Fabián Freixedo Fariñas

O Carballiño, 1993. Criado e madurado polo Arenteiro, sobrevivo como estudante ás portas da Bela Auria. Apaixonado da poesía dende a consciencia de lingua propia. Principiando no deseño literario como fin exhortativo-emocional.

Título da obra: ***IN-HERENCIAS. Anacos de familiaridade***

De: Recunchos de Sosego

I. Escindir-se da sociedade

Camiño borroso ao Fin, por fin, a través do Pórtico da negra bebida.

Non podo falar do que son entre o que somos

por termos calado

nunca confiamos na natureza do ser humano

5 [non existe, pois é iso o que na Tele non sae

Aprendo o mandato repetido:

Creo no Hedonismo conxugado en Primeira Persoa

Busco Redención con dous xeos

[Liquidar a conta e expirar

II. #PortalDasPalabras

10 Denigrar:

<sup>1</sup>*Mozas entrada gratis.*

<sup>2</sup>*Canto vales?*

Desconfiar:

<sup>1</sup>*Búsqueda da confirmación do Temido.*

## III.

15 *Ten límite o voo dun paxaro? Un tiro de escopeta.*  
*Ten límite o soño dun humano? ... ídem*

*Somos ANIMAIS.*

## IV.

*Mirándome no espello...*

*E paréceche normal? Fiestra aberta, e pénsoo...*  
 20 *e non dis nada?!*  
*Dime algo! Acabaremos os dous, por nós. E creste forte. Ris.*  
*Acabouse.*

*[Guindouse, pola fiestra, á rúa*

*Suicidio (?)*

25 *Homicidio especulado.*

## V.

*É vaca por ter cornos e dar leite?*

*Ben pode ser vaca calquera*

*nesta sociedade ingrata*

*falsa,*

30 *dirache e DIRANCHE certa*

*porque ata a ti mesmo engana*

*Mux(ídevos)!*

## VI. O libro da madurez (ironía ad hoc)

- Onde fica a inocencia máis aló dun xogo de BERCE?*  
*Descenso na liña deturpada dun índice MENTIREIRO da evolución*  
 35 *Arriba, sustentámonos nunha dogmática aprendizaxe do progreso*  
*PURO ENGANO*  
*e SOMOS, obra dun mestre SUBXECTIVO e INCOHERENTE .*  
*DE XENÉTICA EIVADOS, perpetua reencarnación estragada.*  
*Se no fondo da páxina estamos felices,*  
 40 *será por práctica do SEMPRE-EU (que máis dá se)-*  
*EU-EXISTO-EU-SON-EU-QUERO-EU-TEÑO*  
*EU-SON*  
*e non nos queremos ver IMPUROS, ATADOS, FEROS, MALCRIADOS,*  
*SUXEITOS AO TANTO TES TANTO VALES*  
 45 *Dar esmola, de BOA fe e pedir absolución.*

*FIN DO CONTO*

## VII.

- Oxalá , co pasar dos anos, te preguntes  
 que tería(s) pasado de me Re-coñeceres  
 AGORA nun café  
 50 oxalá, ese día chegue.  
 E cando chegue, estarás a tempo de aceptar o convite.  
 Decido marchar coa palpación ardente,  
 a pensar o que dicirche nun paseo prestado,

fitándote mentres me lembrás o fin trágico dos meus desexos  
 55                   [regalarasme o desterro, porasme FIN, por te pensar.  
 E nunca un ata mañá foi tan esperado.

*VIII.*

A ti

Que te Colocas primeiro non por te veres mellor,  
 senón por sentíreste mellor, NECESÍTALO.

60 A razón: o ORGULLO que che produce un ego alterado  
   [alterego, capataz endorfínico  
   mestre do teu pracer, submiso eterno.

Es pois misioneiro dos teus temores e pregoeiro dos teus medos.

Por verte no espello en fervente Preeminencia,

65                   pisas amigos, noivas,  
   familiaS

Perdiches a vergoña  
 caíches ENFERMO.

*IX. (Inter)rogamos*

Nacín sen dono (?)

70 Vivimos apresados a que e quen nos rodea.  
 Por individuo libre enténdese coaccionado polo SENTIMENTO?  
 Lexítima cadea fraternal  
 E somos nós quen camiñamos cara a RAZÓN (?)

  [criterios da LIBERDADE

75 Compartindo un xogo con normas de serie, sen autor (?)  
 CULPABLES! LOUCURA!

O tolo son eu, por preguntarme onde estamos  
 Non teño decisión, ou se cadra si, ou igual o xogo son eu,  
 Sería unha peza rota.

80 (IN)CERTA MENTIRA

X.

Á calada, calada tras calada, secuestramos a noite  
 nun imperativo carnal.

Vaise a ética pasional canda a razón entre sorrisos encadeados  
 Deixan sos ó meu sentir, enxugado ao teu

85 fregueses dun único culto,  
 pecado sacralizado, feito mártir redimido,

Lévasme, TI, ao inquieto quente,

Camiña o teu falar en piloerección por min arriba.

Escóitote. Desátome e arrebatásme. E xa non son eu...

90 Tentación

Tentación ... é acariciar a unión lentísima da intimidade e o éxtase  
 e digo

Conxurémonos donos do AGORA

Que o teu corpo e o meu crucen instintos nesta noite atemporal

95 Tras unha cortina de luxuria

seremos NÓS

E Morro na indecisión

E... persigo entón SER.

Sexo

100 face a Cervexa. Grazas.

# Ismael Ramos Castelo



Ismael Ramos (A Picota, Mazaricos, 1994).

É autor do libro de poemas *Hábitat/Interferencias* (Premio Francisco Añón, 2013) e xunto con María do Cebreiro publicou o diálogo *A ferida* (2013), editado por Xosé Carlos Hidalgo Lomba.

Textos seus teñen visto a luz en revistas como *Dorna*, *Grial*, *A Casa da Gramática* ou o suplemento *Barbantia* de La Voz de Galicia.

Título da obra: ***O grande pecador***

*Moon tiger*

*Eu desconfiaría mesmo co dedo na Súa chaga.*

**G. Bufalino.**

**Meu avó ten un corte na perna.**

Unha chaga profunda.

Hai na outra beira do océano,  
 quizais preto de Maine,  
 nunha casa de madeira comida polo sal,  
 un home coa mesma ferida ca meu avó.  
 Na mesma perna.  
 Unha profunda ferida de guerra.  
 Restos de metralla.

-Ves, por aquí me van cortar a perna, por aquí – di meu avó.  
 E sinala co índice por debaixo do xeonllo.

Eu sento diante e asinto.  
 Recoñezo a ferida.  
 Distribúo o medo nos ollos de meu avó.  
 Tan profundo.

**Meu avó teme a morte.**

Fuma e teme a morte.

Dorme a maior parte do día.

Di que non descansa,

que por iso se deita e tenta durmir.

Ás veces pregúntome se non será que meu avó

ensaia a morte

preparando o seu corpo para a quietude.

Todas esas horas aí tendido sen durmir.

O ruído dos coches.

O aire do cuarto que se vicia.

Deita e trata de sentir a erosión.

E non dorme.

Non dorme porque sabe que morre un pouco

cada segundo que pasa.

E por iso fuma.

**Meu avó ten un corte na perna.**

Unha chaga profunda.

En opinión de miña avoa,

meu avó porta un estigma.

Eu penso, en cambio, que el sería algo máis parecido

ó grande pecador.  
A dor de meu avó servindo como exemplo.  
O seu medo.

Pero as curas fainas ela.  
Así que imaxino a miña avoa metendo dous dedos na ferida.  
Despois a man.  
Imaxino a man impoluta de miña avoa.  
O puño pechado de miña avoa.  
Máis fondo.  
O cheiro a alcol.  
As gasas.  
Máis fondo.  
Imaxino, impoluta,  
a verdade nas mans de miña avoa.

**A verdade é que o corpo de meu avó**

é a súa propia vítima,  
o seu sacrificio.  
Un cuarto pechado.

Inventamos o pecado  
para dar sentido a este tipo de cousas.

-E se quedo durmido e non esperto nunca máis?  
Que pasaría entón? Imaxinas?

Eu non o podo imaxinar.

Hai quen di que son hipocondríaco  
porque me parezo a meu avó.  
Eu prefiro pensar que a miña hipocondría é miña.

Meu avó cre no pecado para ter algo que temer.  
O medo manteno con vida.  
Miña avoa fai as curas e reza cada noite.  
Van xuntos visitar lugares sagrados,  
igrexas pequeniñas nas que lavan a cara  
ou bican reliquias.  
Mantéñense a salvo.

O corpo de meu avó é a verdade.

Din que o meu se parece ó del.  
Eu sei que non,  
que o corpo de meu avó é santo.

**Meu avó nunca estivo na guerra.**

E se estivese na guerra  
sería arqueiro ou francotirador.  
Mediría coas súas mans grandes,  
palmo a palmo,  
a distancia cos corpos  
antes de apertar o gatillo.

Sería francotirador e dispararía nun pé.

A súa ferida seguiría sendo,

con todo, a dun home.

A súa ferida sería un erro de cálculo.

Unha imprecisión.

Nunca covardía, terror.

Antes, amor pola beleza.

Pero cada noite antes de ir para a cama,

o francotirador

desvendaría a proba aberta do pánico,

borrosa.

Como se a ferida fose un rostro coñecido,

un corpo ó lonxe.

**-Entón imaxina quedar durmido nun cuarto pechado.**

Sen chaves.

Sen nome.


Sen carne.

Imaxina que o teu corpo é ese cuarto,

que estás dentro, que te asustas.

Que farías entón?

## *Lúa Gándara*



Lúa Gándara (Vigo, 1988) é unha artista multidisciplinar afincada en Santiago de Compostela e licenciada en Belas Artes na Universidade de Vigo. Considera a pintura, o canto, a performance, o video e a literatura como diferentes resultados ou sobras dun mesmo proceso de estar pensando en alto e vivindo alegremente.

Título da obra: ***O meu patio de luces é moi feo***

1      Teño moitos comezos  
que dependen bastante  
da lonxitude do fío.

Apuntamento e punto un:

5      A vida mesma pousándose sobre tódalas moscas  
e o revés.

Quédome no espazo  
E como me dou de conta  
de que é demasiado grande,  
10    mellor,  
séntome.

Tamén: se todo se volve brando  
(xa o pensou Dalí).  
Pero, se ti te volves brando  
15    podo aproveitarme mellor  
dos teus ocos  
que son onde mellor se está.

Cando sexa maior serei unha muller de novela do século XIX  
onde os paxaros teñen que ir máis lento  
20    e saberei moi ben todo o que digo tan redondo  
os vellos-verdes, os montes-grises, os cadros-negros.

Agora vós estades agochados  
pero nós estamos tristes,  
cunha pena frenética, com-presas  
25 que non quere pousarse nas cousas  
porque pican  
(e hai moitas máis cousas que mágoas).

As señoras queren ir a clase de zumba.  
As nenas pensan que queren ser maiores.  
30 As maiores queren parecer máis nenas.  
Todas arranxan con coidado a roupa dentro das bolsas.  
Elas son as que teñen que meterse dentro das bolsas.

Que me suba o omega tres ata os miolos, ácido ascórbico, ¡unicornios!  
Son mosquitos,  
35 leóns pequeniños,  
e polo meu patio vou en chándal  
porque non fai falla estar guapa.

É unha honra  
poder continuar a espantarme  
40 da túa presenza predicíbel.  
Ademais agora é a segunda vez na miña vida que escribo predicíbel.

Gustaríame tanto ser bonita e boa  
pero os gatos enfádanse  
e morden a súa propia cola  
45 e son bonitos  
e bos.

De todas maneiras,  
o aluminio acumúlase no corpo para sempre  
e o amor non.

50 Dálle máis gasolina.  
¡Que doa, que doa!  
¡A virxe da cova!  
O azucre é o mal.

Estou contenta  
55 de non ter que xustificarme (e esa será a maior xustiza).  
As cousas non serán só:  
conceptos interesantes funcionando deconstruídos contextualizándose  
canfanre  
ferenzas,  
son animais pequenos  
60 cheos de mans nos ollos,  
améndoas agochadas  
nos recunchos das caixas  
que atoparás só cando non teñas fame,  
xente con moito sono  
65 con ganas de que lles tiren dos pelos.

Tampouco importa tanto non ter razón  
se a afirmación é alegre.

A ficción serve para dicir a verdade  
sen quedar mal.

## Olalla Liñanes García



Olalla Liñanes García naceu en Negreira (A Coruña) no outono de 1992. Formouse no colexio e o instituto públicos da súa vila e trasladouse a Compostela para graduarse en Xornalismo. Nesa cidade cursa actualmente un Máster Universitario en Profesorado e, de cando en vez, exerce como xornalista. É vicepresidenta da Asociación Cultural *Afonso Eanes* e coordinadora do grupo de educación no tempo libre *Seteportas Altair*. No eido literario, foi finalista do I Concurso de Relatos Curtos Contra a Violencia de Xénero convocado pola USC coa obra *Poluta*.

Título da obra: **Pirroto**

*Chascarraschás*

### **OU VÉS**

QUIXO aprender inglés para non perderse no inferno.

–*Good morning, Satanás.*

Na casa ensináranlle a ser educada.

ROMPÍN os dentes por defenderme.

Roera as unllas.

–Sen unllas non podes campar.

Sen unllas non podo rascar.

–Sen dentes non podes campar.

Sen dentes non podo morder.

Rompín os dentes mordendo as unllas.

–Quita as mans da boca.

E non fixen caso.

MEXEIME

na tenda das lambetadas.

Nunca souben establecer prioridades.

ENCHÍN o remolque de toxos.

*Brun brun* e tira millas.

Ceguei á fronteira ianqui  
e preguntáronme por que.

–A ver se deixades de comer hamburguesas.

CEIBEI á Pinta porque mo pediu cos ollos.

Solteille a cadea e non se moveu.

Disque non se lle perdía nada aí fóra  
cos ubres tan cheos.

Eu non sei consolar vacas.

APRENDÍN

na misa

a non ser Eva nin Virxe.

A pecar de pensamento, de palabra, de obra e de omisión.  
Pola súa culpa.

Aprendín a papar (h)ostias.  
E a beber viño.

Aprendín a profanar  
e a ser atea.

Esquecinme de aprender a rezar.

EU limpo as areas cos fentos.  
Polos carreiros máncome coas herbas boas e malas de camiñar sen tento.  
E logo teño as pernas feas.  
E non dou curado as marcas das silveiras.

Cos dedos negros de apañar amoras  
meto un pé no río,  
esvaro  
e mollo o cu.

Pedinlle peras ó olmo e caeume enriba un carballo.

FUN ó monte,  
agocheime,  
pechei os ollos  
e vinlle as orellas ó lobo.

Tireille por elas.

Facía vinte anos que nos topamos por primeira vez.

PREGÚNTOME  
que farían as demais nenas  
nos recreos

–ademais de parecer nenas.

IRÍA no coche ata Kuala Lumpur.  
Con música, pedais e volante.  
E eu  
soa  
pariría á nova mesías.

AS nenas  
non son  
nin obsesivas  
nin compulsivas.

Humana  
es de nena.

–Cando non hai que ir ós tanatorios.

Despois es outra cousa.

QUIXO pasar o outono estrada na herba.

No medio da soidade  
botou raíces  
e floreceu.

Queimou  
coa xeadá.

Sempre lamentou non poder pacer.

Eiquí

–na Terra–

séntese ben o pouco que é unha muller

**OU VOUTE BUSCAR**

CREO que teño un rato na casa.

Non é el quen roe as patacas, pero  
este veleno non é por min.

NA tea de araña  
encaixou a loucura.

Teño enfermidades mentais non diagnosticadas.

Namorei  
de lugares.

DOE, doe, doe

e non sei cara onde berrar.

Pero os berros chántanseme na noca.

Coma carrachos.

DE maior quería ser capadora.

# ESPECIALIDADE DE RELATO BREVE

## **Compoñentes da comisión de selección:**

**Presidenta:** Yolanda Otero Balsa.

(Subdirectora xeral de Promoción de Actividades, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar).

**Vogais:** Henrique Alvarellos Casas, M<sup>a</sup> dos Anxos Sumai García, Francisco José Castro Veloso, Mario Caneiro Ameneiros.

**Secretaria:** Ana Martínez González.

## **Premiados/as:**

**1º premio:** Daniel Barral Calvo, pola obra *Stalingrado*.

**2º premio:** Raquel Fernández González, pola obra *1987*.

**3º premio:** Irma Pérez González, pola obra *Zapato*

## *Daniel Barral Calvo*



Daniel Barral Calvo naceu no ano 1997 en Vigo, cidade na que actualmente reside. Antes deste certame, gañara xa varios premios literarios no I.E.S. Politécnico de Vigo, centro onde cursou a educación secundaria. Estudou o primeiro de bacharelato nos Estados Unidos de América grazas a unha bolsa do Programa internacional de becas High School, da Fundación Amancio Ortega e a Fundación Barrié. A día de hoxe cursa o seu derradeiro ano de ensino preuniversitario no I.E.S. Santo Tomé de Vigo.

## Título da obra: **Stalingrado**

“As rúas son hostís, irradian perigo. A luz terrible da lúa chea proxecta siluetas tortas nas paredes dos edificios e no chan que pisamos. A medida que imos camiñando, as ruínas da cidade érguense ameazadoras ante os nosos ollos, sabedores nós de que detrás de cada fiestra pode agocharse a nosa fin; de que tras cada muro pode haber un soldado inimigo á espreita, disposto a morrer matando; de que cada paso que deamos pode ser o derradeiro. Fusil en man, camiñamos silandeiramente, vixiando cada recuncho do camiño e procurando non ser vistos nin oídos. Baixo a mirada desta fría noite, avanzamos cara aos arrabaldes, coa intención de fuxir da invernall tortura. Somos un destacamento de vinte homes, todos co máis puro sangue ario, dispostos a sufrir ou incluso morrer pola patria e a misión xermana se for necesario; ben, ou así o criamos até había moi pouco...”

O Xeneral Bolghan pousa os seus papeis e mírame ferreamente dende a súa alta cadeira de coiro.

— É vostede Bernard Von Schoebert, fillo de Hans Von Schoebert e Fröila Kiehben, nado en Berlín o 20 de febreiro de 1921?

—Si, señoría —contesto dende a miña exigua cadeira, baixo a súa poderosa sombra.

“Foi por agosto cando entramos na cidade da que agora queremos fuxir a toda costa, plenamente confiados na nosa superioridade táctica e na forza das nosas armas. O poderío do Imperio Alemán corría polas nosas veas, infundíndonos a bravura necesaria para lanzarnos de cabeza ó fragor da batalla; era a nosa unha civilización superior que, baixo as ordes do noso Führer, tiña a obriga

moral de salvar á humanidade das súas lacras e perigos. E había acaso maior perigo que os rabiosos cans do comunismo internacional, instigado polas altas esferas de Sión? Non obstante, por moi perigosos e rabiosos que fosen, eses monifates ruso-xudeus xamais poderían con nós, fillos dos afoutados nibelungos e dos valentes cabaleiros xermanos; esnaquizaríamolos e destruíríamos para sempre as súas malas artes, as súas mentiras e enganos, que coma un lodo tóxico corrompen as sociedades. De tal xeito pensabamos cando, case celebrando xa a doada vitoria, comezamos a toma da cidade.”

— É vostede soldado do exército alemán?

— Dende os dezaseis anos, pola gloria de Alemaña e do Führer.

— Límitese a contestar si ou non, soldado Schoebert —amoesta rudamente o xeneral.

— Si, señoría. Desculpe, señoría —contesto, baixando a cabeza.

“Os cincos esqueletos das outrora bulideiras fábricas foron estoicas testemuñas da matanza. Loitabamos entre os cadavéricos vestixios dunha próspera cidade industrial, nas súas angostas rúas, abandonadas polos seus habitantes antes da nosa chegada e tornadas agora en leito para as saturninas augas dun caudaloso Aqueronte. A cada paso que dabas, a cada porta que abrías, a cada segundo que permanecías na rúa medraban terriblemente as posibilidades de morrer présa do chumbo inimigo. As balas ferían o aire a cada intre; o seu veloz fungar na orella era un incesante recordatorio da fragilidade da vida. Tivemos que loitar por cada rúa, por cada praza, por cada edificio; sacrificando milleiros de homes cada día, derramando mares de sangue que profanaban a nivea pureza do chan co seu despojado carmín. Os mortos amontoábanse, fríos, sobre a neve.

Pero máis difícil que conservar a vida era conservar a cordura naquel pandemonio. Cantas vidas vin esmorecer aqueles funestos días! Cantos salaios e saloucos, entre escombros chorando pola inocencia perdida! Cantos corpos e cantos corazóns sanguentos! Cantas mulleres sen home! Cantos pais sen fillo! Cantos fillos sen pai! Que descenso inexorable cara aos infernais lumes da conciencia!

A invernia rusa chegou en outubro co seu manto albo, e comezou a segar aínda máis vidas en ambos exércitos coa súa xélida gadaña. Cada día varios soldados morrían polo frío cruel, que se coaba por entre os ósos e facía aterecer o celme do ser. As liñas de aprovisionamento do noso exército eran peor que insuficientes; apenas tiñamos que comer, as municións eran escasas, os nosos uniformes non nos protexían da ciobra e faltaban medicinas e material sanitario. Loitabamos en penosas condicións. Do case un millón de soldados que eramos ó comenzarmos a batalla en agosto, só quedabamos arredor dun cuarto a comezos de novembro. Foi unha auténtica carnizaría.

Finalmente acadamos o control de máis do oitenta por cento da cidade; soamente remanecían uns desprezables reducidos soviéticos na outra banda do río Volga. Por fin acadariamos a tan desexada vitoria, a pesar do elevado custo humano e psicolóxico. Por fin poderíamos volver á casa.

Porén, a besta rusa contraatacou. Cando os pensabamos inofensivos, alá da outra banda do río; cando, tras meses de combate, consumiramos absolutamente as nosas provisións materiais e morais; cando nos soñabamos xa fóra de todo perigo na morna aperta do ser amado, arrodearon a cidade.

Foi unha noite, namentres artellabamos o xeito de aniquilar os poucos rexementos que seguían con vida. De súpeto, coma un xigantesco oso colérico, traídos en tren dende o máis xeado dos currunchos de Siberia, miles de soldados soviéticos atacaron polo este, cercando en poucas horas a urbe e deixándonos sen escapatoria posible. Cortaron toda liña de subministración por terra, facéndonos totalmente dependentes dos poucos envíos aéreos. Tentamos por varias veces romper o bloqueo, fuxir dalgún xeito, mais foi en van. Era un cerco sólido; semellaba un torniquete de ferro que nos ía afogando pouco a pouco, condenándonos a unha morte lenta e miserable.

Vímonos na obriga de buscar refuxio no cadáver da metrópole para pasar alí quen sabía canto tempo. Varias veces pedimos axuda, mais todos os recursos estaban concentrados nas campañas de Moscova e Londres. O inverno fíxose aínda máis cru se cabía, traendo baixo o seu ominoso manto neve, xeo, vento, frío e fame. Eramos poucos, e cada día menos. O asedio acabara de comezar.”

— E formaba vostede parte do 6º exército, que baixo as ordes do xeneral Friedrich Wilhelm Ernst Paulus, atacou Stalingrado o 23 de agosto de 1942?

—Si señoría. Ben certo que así foi.

“Ningunha clase de adestramento podería ternos preparado para o horror que vivimos nese inferno branco. Os días eran longos, e as noites, ó abeiro da luz lánguida dunha lúa estraña, semellaban non ter fin. Os disparos sucedíanse nunha elexíaca cadencia, acompañada por xemidos distantes e polos últimos suspiros dos abatidos, cuxas ánimas fuxían xa cara á eterna condena.

A continua reclusión nos poucos edificios que aínda non caeran baixo o lume das bombas e os canóns creou as condicións idóneas para a difusión do tifo e a disentería. Os cadáveres ciscados polas rúas propagaban a peste co seu bafo putrefacto, intoxicando o ar. A falta de alimentos era patente: o escorbuto e a anemia fixeron pronto acto de presenza. Para xaneiro, remaneciamos con vida uns cincuenta mil soldados; a morrer uns poucos, enfermos moitos, desesperados todos.

Eu formaba parte da 8ª división, da que só quedabamos uns douscentos con vida. As nosas provisións esgotáranse a finais de decembro, e os envíos aéreos eran frecuentemente interceptados polo inimigo. Estabamos sós nun mar branco e vermello, asustados e famentos. Como sobrevivimos? Aínda me treme a voz e se me asolagan os ollos cada vez que o recordo; moitas noites acordo berrando, envolto en suores frías polas lembranzas que me atormentan en soños.

Comezamos a buscar entre as pedras, apañando plantas, herbas, froitos...; calquera cousa para burlar o bandullo. Porén, a neve cubría a terra e afortunado era o día en que atopabamos algo máis que unhas tristes follas murchas. Desistimos. Principiamos a cazar ratos, ratas, gatos, paxaros..., todo o que se puña ó noso alcance. Non era gran cousa, pero espantaba a pantasma da fame.

Porén, axiña iso non foi suficiente; a pantasma retornaba, sempre axexante. Os poucos animais que ficaran na cidade após comezar a batalla estaban xa nos nosos estómagos. Vímonos na obriga de sacrificar os nosos cabalos, na procura de algo que levar á boca. Así puidemos subsistir un par de días. Mais os cabalos deseguida desapareceron dentro das famentas fauces dos soldados. Non tiñamos ren que comer ou sequera cheirar; pasabamos as noites en vela porque as nosas entrañas non deixaban de bruar rogando sustento. Necesitabamos unha solución a esa gadoupa tenaz que nos apertaba o ventre día si e día tamén. Atopámola ó noso arredor, ou máis ben, ós nosos pés.

Carne con nome propio: Froilan Herb, Hains Gurtz, Guilfred Von Dülb, Viktor Bolghan... Amigos, compañeiros, veciños..., ducias de soldados que morrían e que ficaban deitados no chan sen lles ser tirado ningún proveito. Que desperdicio alimentario cando había ducias de peteiros degoirando comer. Case daba mágoa deixar tantos quilos de carne podrecer dese xeito tan inútil.

Nun principio o xeneral Paulus negouse rotundamente. "Xamais se veu tal sacrilexio! Alimentarse do sangue irmán! Se en Berlín soubesen disto colgaríannos coma auténticos monstros." Mais segundo fuxían os días, fuxía con eles a cordura dos soldados. Comezaron a perder o rigor e a disciplina militares, a rifaren fortemente, até por unha inofensiva mirada mal interpretada. Cando os vidros se lles tornaron en dúas sanguinolentas fendas de fero ollar, entón o xeneral mudou de idea.

Baixo o temor dunha sublevación contra a súa autoridade, aprobou a recollida dos mortos para uso alimentario, pero só os mortos por ferida de bomba ou bala, xa que os mortos por enfermidade podían transmitir as súas doenzas. Fíxonos xurar que, no dubidoso caso de conseguirmos volver con vida a Alemaña, xamais revelaríamos unha palabra sobre o terrible do noso pecado. A morte era preferible a manchar de tal xeito a honra das nosas familias, do noso exército, e da nación alemá.

Deitei bágoas de rabia con cada bocado; aquela carne sabíame a crime no padal. Unha man, un brazo, unha perna... Érame dunha tremenda dificultade mastigar, sabendo que o que mastigaba eran os meus compañeiros e amigos. Pero a fame observaba dende o alto, disposta a retornar co seu coitelo. Cada dentada que lle daba á comida rebentaba na miña

lingua nun viacrucis de culpabilidade. Rezaba a Deus cada noite. Rezaba suplicándolle entre prantos esgazados que me perdoase, que eu era un bo home, que cada bocado era para min un interminable calvario; que se a miña cea consistía en anacos dos meus compañeiros era polo extremo das circunstancias. Iso aliviábame un pouco. Porén, a culpa volvía rapidamente. A miña cabeza non tiña sosego.

Mais non pensedes que todos sufrían coma min; a meirande parte incluso ría e semellaba desfrutar co gosto da carne. Eran os que perderan a cordura na branca Rusia. Dábanme noxo, repugnábanme os seus risos escandalosos e o seu xeito de saborear a cea. Ós meus ollos eran diaños, monstruosos porcos de grande fouciño e dentes cubertos de sangue inocente, que desfrutaban envorcándose no pecado da gula. Máis dunha vez descubrinme suxeitando o coitelo con rabia, disposto a saltar sobre algún deles para cravarllo no peito e así rematar coa súa porca vida. Neses intres tiña medo de min mesmo, do que sería capaz de chegar a facer se o aberrante da situación non cambiaba. Non podería continuar así moito máis sen cometer unha loucura.

Certa noite, cando a caníbal excepción se tornara xa hábito, pasou algo que me fixo sentir vergoña do ser humano como nunca sentira na miña vida. O soldado Hiev, un daqueles ós que máis lle gorentaban as macabras bacanais, rematara xa a súa ración; mais seica quedara con fame. Nos seus ollos asomaba unha mirada larpeira cara aos despoixos do cadáver que desmembráramos aquela noite. Por respecto á memoria e a dignidade dos defuntos, alén daquelas partes inservibles para a alimentación coma os intestinos, deixáramos intacto os centros do ser e da alma dos homes; cabeza e corazón. Mais Hiev salivaba, famento; e tal foi a súa fame que, nun pulso primario, salvaxe, decidiu profanar outra vez o xa máis que por nós profanado templo da moral. Dirixiuse cara aos despoixos e fitounos con ansia. Puxo as súas mans onde os seus ollos se pousaran e, nun impío aceno, colleu o corazón daquel home. Despois volveu ó seu asento e comezou a devorar con fereza o até unhas horas aínda palpitante órgano. Ollei cara a outro lado, tentando conter a náusea. Puiden ver nos aterrados ollos dalgúns camaradas que eles pensaban coma min. Nunca imaxináramos que chegaríamos a este punto. Foi por iso que decidimos marchar.”

— E seguía formando vostede parte dese exército cando, demostrando un total desprezo pola Nai Alemaña e a cruzada aria, desertou xunto cos seus compañeiros de xeito deshonoroso dos seus labores como soldado , o 17 de febreiro de 1943?  
— cospe, antes de facer un prego cos beizos.

—...

“Co martirizante sabor dos noso pecados aínda baixo a lingua e entre os dentes, proseguimos avanzando cara ao bordo da cidade. Faltan só uns poucos metros para chegarmos ás liñas inimigas. Estamos agochados nunha casa de dous andares

á que accedemos por unha fiestra lateral. Quedamos sete: dous morreron ó pisaren unha mina, outro suicidouse por causa dos remorsos, e os demais caeron baixo lume ruso. Deus bendiga as súas almas. Oxalá atopen a paz que nós perdemos.

Sentados no chan da casa, trazamos o plan a seguirmos nas vindeiras horas. Mañá pola noite fuxiremos disfrazados de habitantes da cidade. Ahtfêrl sabe ruso; en caso de que un garda nos dea o alto, el explicará que nos fora imposible marchar antes da cidade por estarmos agochados no souto da casa, protexéndonos das balas e agardando o mellor momento para saírmos. Logo roubaremos un vehículo e fuxiremos rapidamente cara a Alemaña. Unha vez alí, gardaremos silencio sobre o sucedido neste inferno branco. Antes morrer que esgazar dese xeito a memoria do 6º exército.

Estamos moi cansos, así que durmimos todo o día. Acordamos nese intre en que a luz do sol tingue a neve de vermello, facendo brillar as abundantes manchas escarlata. De aquí a un pouco será de noite. Preparamos todo para marchar.”

— Conteste, soldado Schoebert.

— Vostede verá, é que...levabamos meses sufrindo a fame e a enfermidade; eramos moi poucos e estabamos en perigo constante...

— Si ou non, soldado? —replica, impaciente.

— Eu xamais quixen aldraxar á causa xermana.

— Soldado, non esgote a miña paciencia. Si ou non desertou dos seus labores?

— Si... —sae a afirmación da miña boca, entre dentes, case un suspiro.

— Pode falar máis alto soldado? Non oín ben o que dixo.

— Si —digo, mirando ó meu superior nas súas meniñas intransixentes.

— Si que, soldado?

— Si, señoría.

— Que conste en acta que o soldado Schoebert afirma desprezar a nación xermana e simpatizar cos instigadores xudeus —dispón cun xeito da man. O mecanógrafo asente.

— Non! Eu non dixen iso! Non o escriba!

— Engádase á acusación os cargos de insurrección e desacato á autoridade. Soldado Schoebert, recoméndolle que modere o seu comportamento —Pódese oír o desprezo nas súas palabras.

— Pero...

— Pero nada, soldado. Algo que alegar como xustificación para os seus aldraxantes actos?

— Eh... —A promesa quéimame no peito. Xurei non dicir ren. A miña honra, a dos meus compañeiros, e a do xeneral Paulus penden dun fío.

— Que pasou soldado? —di cun sarcasmo cruel,— Perdeu a fala? Tales horrores viu na guerra como para non dignarse a contestar? Repetireino só unha vez máis, soldado. Algo que alegar?

—Non, señoría —Baixo a cabeza.

—Supoño que coñece o castigo que se aplica ós desertores.

—Si, señoría. A morte, señoría. —Mellor morto que ser recordado como un animal que se nutre do sangue dos seus irmáns.

—Velaí o seu castigo. Meréceo por deixar que o medo o apartase do seu labor. É vostede unha vergoña para o seu exército e para toda a nación xermana. Meu fillo Viktor, el si que foi un heroe; morreu no combate e non por culpa do medo. —“Viktor”. De que me soa ese nome?— Debería darlle vergoña. —Rematada a súa acusación, acena a dous soldados que flanquean a porta.

Os dous homes achéganse a min e acompañanme cara á saída. Lévanme a través dun intricado dédalo de corredores cara a unha cela pequena e escura, onde me deixan toda a noite. Pola mañá acode un crego. É baixo, vello, de pelo e longa barba branca, ollos sabios e engurras firmes. Viste unha sotana alba e luminosa que reforza o seu aspecto de ente redentor neste calabozo bañado en tebras. Faime o sinal da cruz e bríndame unhas verbas de alivio. Senta suavemente na única cadeira á vista e pousa o seu candil no pétreo chan. Pregúntame se teño algún pecado que confesar.

Caio de xeonllos sobre o seu colo e rompo a chorar como un meniño de teta. Aloumíñame o pelo igual que facía o meu pai cando eu era cativo e espertaba no medio da noite por un pesadelo.

— Fillo, fillo, acouga. —dime con voz amorosa— Tranquilízate. Ben, así mellor. A ver, cóntame que é iso tan grave que fixeches. Que merece este pranto tan amargo?

— Non podo, padre, non podo. Xurei que nunca o contaría. —Teño a voz quebrada.

— Fillo, grazas ó Santísimo, aínda existe o secreto de confesión neste mundo e neste país. O que me confíes quedará entre ti, eu e o Señor —sorrí, acenando cara ao teito.

—Non, padre, non. Os meus compañeiros e eu xurámoslle ó noso xeneral non contalo xamais.

O crego fíteme longamente cos seus ollos cheos de tenrura, coma se puidese ver o meu interior e apalpar os pesares que habitan o meu corazón. Logo dime con voz doce e paternal:

— Os compañeiros que tanto tentas protexer xa morreron; foron fusilados onte pola mesma causa pola que o vas ser ti nunhas horas. Eles tampouco quixeron dicir ren. O resto do teu amado exército rendeuse catro días despois de fuxirdes vós, e está agora repartido polos diferentes campos de traballo soviéticos; os que seguen con vida, claro. Os demais están xa con Deus. No que respecta ó xeneral Paulus, foi asasinado polos rusos o mesmo día da rendición. Non te preocupes polo que me contes, non me vou asustar. Son vello e nesta vida vin case de todo.

Dubido un longo minuto. Despois, e mentres teimo con escasos resultados en conter as bágoas, confésolle ó crego os meus pecados. Falo e falo durante os que son uns momentos de amarga liberación. Verto a miña culpabilidade nas mans do crego; con cada palabra rememoro cada unha das carnis aldraxes que cometín. Cando remato, o vello fica pensando uns segundos co queixo apoiado na man e a mirada perdida nalgún recanto da parede, cavilando. Finalmente, dita sentenza.

— Fillo, descansa tranquilo, pois non pecaches.

O que afirma con tanta seguridade este home é increíble. Que eu non pequei, di!

— Con todo o meu respecto, padre, toleou vostede?

— Quizais, pero iso xa vén de lonxe. —riu o seu propio chiste cun riso gastado polos anos— Non, fillo, non. Non estou tolo. Se digo que non es pecador é porque non o es. Fixeches o que fixeches para sobrevivir, para permanecer nesta terra que Deus nos deu na súa infinda graza. As circunstancias eran as que eran e tiveches que obrar en consecuencia. Se de verdade che doe como dis que che doeu facelo, se o teu arrepentimento é sincero, non é o Inferno o que agarda por ti, senón a gloria celestial. Sosega a túa alma, porque vas con Deus. El coñece a túa alma. Desertar para fuxir daquel pozo de obscenidade é o mellor que puides facer.

— Fala vostede en serio, padre? Di entón vostede que a miña alma non está condenada? Non sabe que ledicia me dan as súas verbas. Moitas grazas.—Nese intre decátome da cruel realidade e baixo a vista.— Mais os demais non pensan coma vostede, non podo contarlle ó mundo que comín carne humana para sobrevivir. Non podo contarlle que fuxín para me librar dese horror. Non podo contarlles que a nosa deserción está xustificada porque, ós seus ollos, senón é por fuxir do meu deber, merezo a morte por caníbal. Se lle conto a verdade ó xuíz, este dirá que o meu deber era permanecer no campo de batalla e morrer honrosamente loitando contra o inimigo, que nunca debín tomar o sangue dos meus irmáns e que debín aceptar a miña morte con orgullo. Condenaríame non só á morte, senón a deshonra e a vergoña para min, os meus compañeiros e as nosas familias.

»Ou quizais atope como vostede que obrei correctamente. Quizais se lle conto a verdade deixárame libre! Tal vez comprenda que o canibalismo foi o noso derradeiro recurso e que nos arredamos del do único xeito que puidemos, escapando, pois non podíamos tolerar un gramo máis daquel alimento. Pode que vexa a fuxida coma un acto de valentía que me

redima da miña pena. Que cre vostede que debo facer, padre? Debo contar a verdade ó xuíz?

O vello crego mírame coma quen mira a un neno pequeno con demasiadas preguntas. Guíndame un sorriso morno, única fonte de calor nesta cela, coa única excepción do candil. Logo dime.

— Sinto non poder calmar a túa atormentada alma, pero aí xa non podo facer máis nada. Es ti quen debe atopar as respostas a todas esas preguntas. Adeus fillo, que Deus te bendiga.

O crego érguese e marcha coa súa sotana tras del e co candil na man, deixándome de novo só na penumbra, coa única compañía do meu dilema. Cavilo, dándolle unha e outra vez voltas ó asunto. As dúbidas bolen no meu maxín afervoadado. Rezo a Deus, en busca dunha resposta. Non a atopo.

Ás doce menos cuarto volven os dous homes altos e fortes, que me levan ó patio traseiro do cárcere. Alí agarda por min o pelotón de fusilamento, coas armas limpas e cargadas. Un oficial dá un paso adiante e pregunta secamente mentres mira uns documentos:

— Algún desexo final antes de morrer, soldado Schoebert?

— Si. Pode darlle unha mensaxe ó xeneral Bolghan da miña parte?

— Por suposto. Vostede dirá.—Estrañado, o oficial fítame, agardando impaciente pola resposta.

—Dígalle que o sinto...que o sinto moito polo seu fillo, Viktor...que el non merecía ese final.

—Iso é todo?—Asento.— Ben, entón podemos proceder.

Apunta as miñas verbas nunha folla de papel. Achégase a min e colócame un pano nos ollos. Logo dá as ordes pertinentes ó pelotón; este colócase en posición. De súpeto, varios estalos; uns paxaros voan asustados. As balas fenden o meu peito. Bato coa testa no chan. Levan o meu cadáver.

Ó pouco comezou a chover. Sempre chove nesta época do ano; é unha marabilla observar a auga caer sobre as follas das árbores e como estas se tornan perladas coas pingas transparentes.

A chuvia lava da terra do patio as manchas do meu sangue, coma aquel crego lavou da miña alma os remorsos do meu crime.

# Raquel Fernández González



Raquel Fernández González

Nacida en 1987 en Vigo. Estudante de doutorado en Economía na Universidade de Vigo. Investigadora no Grupo de Investigación de Economía dos Recursos Naturais e Ambientais (ERENEA) da Universidade de Vigo.

- 2013: Premios de poesía, relato curto e tradución literaria. Universidade de Vigo. 1º Accésit de relato curto.
- 2009: Premios de poesía, relato curto e tradución literaria. Universidade de Vigo. 1º Premio de relato curto.
- 2005: X Concurso, "Todos somos diferentes: fotos, contos e relatos hiperbreves". Fundación de Dereitos Civís, Madrid. Finalista de relato hiperbreve.
- 2004: "Conto contigo!?!..." Concurso de relato. Asociación Abertal. Vigo. 1º Premio.
- 2004: XVII Concurso de relatos curtos "Repsol-YPF". Finalista.
- 1999: V Concurso de redacción e debuxo. Asociación Máximo Gorki. 4º premio.

Título da obra: **1987**

Briza

### Capítulo 1: O lumpen

Será...

*Todo comezou a xurdir coma un soño, parece mentira!  
Un simple detalle caprichoso do destino e aquí estou,  
rebuscando entre recordos desamparados. Rin para  
os meus adentros. Non podía ser. Acababa de chegar  
a aquela idade onde a verdade e a mentira xa non se  
distinguían. Onde un máis un xa non sempre eran dous.  
Pero aquela cabeleira loura aínda non enturbaba de  
todo o meu maxín.*

Nova York, 1987. Club Dalton. Aquel tal Daryl presentárama. O tipo era un tunante do carallo, tatuárase nas falanxes “love – hate”. Un Robert Mitchum wannabe. Coñecérao cando cubría a sección de sociedade no *New York News*. Para el, tódalas noites eran “noites do cazador”, agardando unha presa incauta. E alí estaba a daquel día. Pobriña, pensei. Craso erro. Primeira lección: Non deixarse levar polas aparencias.

Daryl comezou o seu show. Unha cascada de verbas saían atropeladamente da súa boca. Falaba.

*Alí está.  
Espero non  
trabucarme.*

*Destes  
asuntos  
mellor  
ocuparse  
unha mesma.  
Ben, farei que  
me introduza  
este babeco.  
Espero que a  
comedia non  
dure moito  
e poidamos  
pasar ao  
seguinte acto  
hoxe mesmo.  
Así que... alá  
vou!*

Latricaba, Laretaba. Non paraba! Tiña unha verborrea fluída, case irrefreable, posiblemente produto do cóctel entre vodka e coca. Quíxenlle pór freo a aquela orxía de locuacidade con observacións intercaladas, pero víase que o tipo era algo duro de entendementos. Non era dos que as collía á primeira, nin á segunda... nin á décima. Así que resolvín facer unha visita á *toilette*.

Xa sacara a paseo o meu apéndice corporal máis prezado cando escoitei:

- De verdade cres que coñeceu a Alice Cooper?

Cortoume a mexada. Non esperaba aquela voz inquisitiva detrás de min. A loura seguírame! Ata o baño? Si, ata alí. Non me consideraba un home pudoroso, pero aquilo sobrepasaba o meu límite de respecto á intimidade. Fíxenllo saber. Miroume de esguello, riu e botou unha calada. Ben, agora comprendía, a *Lolita* quería xogar. Mais, desafortunadamente para ela, eu non tiña ganas de leria. Pregunteime por que me terían que pasar a min este tipo de cousas. O meu ego tampouco tiña a resposta, quizais estaba demasiado ocupado recreándose no escote da rapaza. Pero, que estaba a facer? Quen levaba alí os pantalóns? Resolutivamente, subín os calzóns, tireille o pito que fumaba ao lixo e agarreina polo antebrazo para devolvela á sala. Resistíuseme cunha forza hercúlea. E de súpeto, comezou a chover.

*Pero este parvo non vai parar de falar nunca?!?!?!?*

*E este outro a onde vai? Ao baño! Si señor! Esta é a miña. Bo sitio. Marcareino de preto a ver por onde respira o animal.*

*Pero... Que é o que lle pasa? Dende logo... non o podo crer!*

*Hahaha! Que miñaxoia! Estanlle comezando a tremer as pernas! Eu ao meu: sorrindo e facéndome a babiola.*

Ambos os dous quedamos de pedra ante tal bátega de auga a teito cuberto. Ela sinalou cara á papeleira botando fume. Maldita cabicha! Maldita alarma contra incendios! Intercambiamos miradas e nun impulso conxunto atravesamos o club. Asubío dos extintores ao baleirarse. Na sala os yonkis coñecían o éxtase pleno. Contorsionábanse ata o infinito recreando sombras diabolicamente grotescas. Flexionábanse, danzaban, ouveaban e sorrían. A alarma conxuntada coa base rítmica e facíaos tolear. Inventamos o House! Anos máis tarde, o *déjàvu* español: "a ruta do bacallau". *Illuminati*. Debín patentala e forrarme co *copyright*.

No medio da rúa, enchoupado e cunha loura pospúber. Ben comezaba a noite.

*Bótame? Pero que...  
eh, eh, eh! Sen  
pasarse! Que forza  
ten o condenado!*

*O que faltaba!  
Agora prendeu  
o cigarro, boa a  
fixemos! E estes  
zombis? Mira que  
son tarabelos...  
Mellor liscar canto  
antes de aquí, non  
vaia ser que se lles  
dea por facer algo  
peor...*

## Capítulo 2: Catarse

Comecei a camiñar devagar, sen rumbo fixo.  
Decateime cedo de que ela me seguía. Escorrenteina.  
Non deu resultado. Axoteina de novo. Tampouco.  
Rendinme. Parei, tomei aire, quiteime a zamarra e  
boteilla polos ombreiros.

Camiñamos durante un tempo indeterminado.  
Compartimos confidencias, risos e un gran *pretzel*.  
Ata que entre a negrura da noite abriuse paso a  
claridade máis absoluta. Raiolas de luz proclamaban  
un ceo de neón: Times Square. Benvidos ao show.

Un paso máis e as portas do paraíso consumista  
abríronse. Iscas cegadoras escintilaban coma miles  
de vagalumes mecánicos. Os flashes rivalizaban en  
refulxencia cos luminosos, mentres que palabras  
ignotas loitaban por sobresaír entre o balbordo.

De socate, comprendín. A soidade xenuína.

Saber que hai luz e non ver xamais, e non

verxamais, enonverxamais e non

verxamaisenonverxamaisenonver

A luz.

A luz en

A luz en min.

De súbito, Times Square apagouse.

*Marcha? Poreille  
cariña de pena  
para que non  
me deixe atrás.  
Ves? Infalible.*

*Agora é a miña!  
Un pouco deste  
soro no pretzel  
e... bye, bye bela  
durmintel!*

*Parece que xa  
lle está facendo  
efecto. Non sei  
se é iso ou toda  
a trapallada de  
Times Square,  
Deus! Si que está  
ben colocado!*

*Pero, que está  
a murmurar?  
E eses ollos  
revirados?*

*Xa comeza a  
cambalearse.*

*Bingo! Tocado e  
afundido!*

### Capítulo 3: Clarividencia

*Seguidamente, paso a relatar os feitos tal e como permanecen na miña memoria. Se cadra os excesos daquela noite, ligados ao paso do tempo fixéronme distorsionar parte das miñas lembranzas. Agora que, aseguro que así é tal e como o lembro.*

Un ascensor. Piso 87. Hora de apearese, mais era incapaz, todo me daba voltas. Efecto dos narcóticos -díxome a rubia agora altiva e distante.

Paredes branco-nuclear de liñas depuradas e decoración minimalista. A cegadora luz daquela habitación cravábase no meu cerebro como agullas. Unha ducia de ollos repararon automaticamente en min. Deducín un clima hostil.

Unha voz comezou a recitar a miña vida en prosa. Tiña coñecemento absoluto sobre min, meu *gran irmán*.

- Periodista, non si?

A lingua trabábaseme. Asentín coa cabeza.

- Mr. Freeman, non continuarei con máis rodeos. Preséntolle a Ms. Graft, – díxome sinalando a moza rubia – pertencente a unha das familias máis poderosas de Norteamérica. O caso que aquí nos compete é a decisión da señorita de presentarse ás eleccións do Estado.

*Como pesa!  
Menos mal  
que aínda  
apoiaba  
os pés. Ao  
ascensor!  
Pronto  
acabará  
todo isto.*

*Xa esperta.  
E non dá un  
paso diante do  
outro... efecto  
dos narcóticos,  
papón,  
efecto dos  
narcóticos...*

*Xa cumprín coa  
miña parte,  
agora é a  
súa quenda.  
Conseguirano,  
estou segura,  
coma cos  
outros trinta.*

Para iso, contamos co seu apoio. Vostede é un dos columnistas máis influentes da súa redacción. As súas reportaxes realzando a figura de Ms. Graft serían de gran valor para nós. Pregámoslle que se una ao resto dos seus compañeiros e ...

- Que?!?!?! –respondinlle cunha expresión desfigurada –Pero, que carallo de proposta é esa? Agarden, agarden, agarden... Cren que eu vou a ....

- Señor Freeman – interrompeume a voz- Non está vostede en posición de negociar. Debe elixir: acepta e conserva o seu benestar ou declina e perderá todo o que ten. Así de simple.

*Lembro o primeiro  
que pasou pola  
"sala". Riu das miñas  
pretensións. Imbécil!  
Aceptou, que senón  
acabaría con el con  
moito gusto.*

*Vaia,vaia... Así que o  
desta noite saíunos  
bravo. Resístese. É un  
romántico deses que  
aínda cre nos ideais.*

*Ben,se iso é o que  
quere...*

## **Epílogo**

1994, Nova York.

Sentado nun banco reconto a recadación do día: tres dólares con nove centavos. Merda! Malos tempos para a caridade. Algo chama a miña atención desde as alturas. Si, o mesmo riso, a mesma faciana, a mesma loura. Era ela... nun cartel electoral en Times Square.

# Irma Pérez González



Irma Pérez González

Nacín un 20 de maio de 1989 en Redondela, Pontevedra. Dende moi pequena fun unha apaixonada das letras e das artes e xa de nena era unha namorada da lectura e a escritura. Son licenciada en Tradución e Interpretación de inglés pola Universidade de Vigo, formación que completei cun máster en ensinanza de idiomas en 2012. En 2013 gañei o primeiro premio do certame de relato curto Os Viadutos de Redondela.

Actualmente vivo en Xixón, Asturias, onde traballo como profesora de inglés e tradutora.

Título da obra: **Zapato**

por Nespra

*Come away, O human child!*

*To the waters and the wild*

*With a faery, hand in hand,*

*For the world's more full of weeping than you can understand.*

[Fuxe, meniño humano!

Cara ás augas e o salvaxe

Cunha fada da túa man

Pois hai no mundo máis bágoas das que podes comprender.]

**William Butler Yeats**

A meniña fitou para o zapato, os ollos castaños e grandes abertos pola sorpresa e a boca pequerrecha formando un O de cor rosa. Acababa de caer ao chan, vido de ningures e aterrando no medio e medio da estrada cun son apagado, algo así como un «puf!», que fixo que a nena soltase unha pequena gargallada. A ollada fugaz e severa da súa nai obrigouna a acalar o riso cunha man, mais a tarefa era ardua, como intentar parar unha cachoeira de auga furiosa que manaba da súa boca. Xirou a cabeza cun movemento rápido e enérxico, coa esperanza de que a súa nai non puidese notar os espasmos contidos que facían chimpár de arriba a abaixo as dúas coletiñas de cabelo louro ou ver as bágoas que lle comezaban a ategar os ollos por mor do riso. E alí, á súa esquerda, apenas un chisco máis aló da beirarrúa na que ficaba parada, seguía o zapato.

A nena tiña a sensación de levar anos alí quieta. Saíra da casa con mamá esa tarde moi cedo para ir ás tendas. Á nena non lle gustaba nadiña ir coa súa nai de compras, sempre acababa farta de bulir de acó para aló e os pés remataban tan cansos que ás veces tiña que parar para asegurarse de que non os gastara todos camiñando. Pero ese día era diferente. Ese día mamá ía mercar as cousas para a súa festa de aniversario, que celebraríaa ao día seguinte. Para a nena era o día máis importante de todos (xunto co Nadal e o Entroido, claro está) e este ano érao aínda máis porque cumpría seis anos. Seis anos! Mamá dixéralle que con seis anos xa podía entrar no colexio dos maiores. A nena estaba tan ilusionada que todos os días, nada máis erguerse dun chimpo da cama, marcaba no seu almanaque cada unha das celas cun X ben grande e feitoño. Ao principio dáballe un pouco de pena facelo porque era o seu almanaque preferido e gastara todos os seus aforros en mercalo, pero mamá explicáralle que as cousas estaban para facer uso delas e se non cumprían o seu propósito sentíanse inútiles. A nena non entendera moi ben que significaba iso de inútil.

—É como cando ti queres axudarme a facer algo pero non podes porque aínda es moi pequena e logo sénteste mal. Ou como aquela vez que Gato subiu pola árbore do xardín e ti non podías seguilo porque non lles chegabas ás pólas máis baixas. Lembras?

A nena asentira cunha cara moi seria e os ollos escintilantes co entendemento. A partires de ese día marcar o calendario convertérase nunha práctica case sagrada. Ás veces a nena quedaba absorta durante uns intres observando as láminas que ilustraban cada un dos meses. As cores, tan vivas e brillantes, enchíana dunha felicidade que non remataba de comprender, dunhas cóxegas que lle percorrían o corpo coma se fose electricidade. Mamá contáralle unha vez que eses cadros que tanto lle gustaban eran dun artista moi coñecido, un señor holandés que se chamaba Vago. A nena sempre dicía que para ser tan vago pintara moitos cadros... e ben bonitos! Como resposta a esta ocorrencia, mamá dáballe sempre un tironciño afectuoso da orella e acompañaba o aceno cun bico na punta do nariz, que sen excepción facía que a nena deixase escapar unha breve explosión de riso cristalino.

A tarde estaba a ser perfecta. A nena ía collida da man da nai para asegurarse de que non a perdía nas tendas cheas de xente que facía as compras de última hora. A pequena vixiaba atentamente todos os movementos de mamá, observando con cara de concentración os produtos que esta ía pousando no carriño e lanzando miradas de aprobación ou obxección con aire de xuíza omnipotente. A idea da festa embargábaa de emoción e ledicia. Durante o camiño de volta a casa estaba tan contenta que non podía deixar de correr e deixaba a mamá uns metros atrás berrando de cando en cando que non se achegase á estrada, que os coches eran perigosos. A nena choutaba e danzaba, procurando non pisar as liñas que limitaban as baldosas da beirarrúa, imaxinando ser unha aventureira en perigo, cercada por un río de ardente lava que debía evitar a toda costa. E alí estaba o equipo de rescate, xa podía ver o final, só quedaba un último salto, un último obstáculo que salvar. Colleu impulso e...

—Anda quieta, ruliña, que aínda vas caer. Non ves que non podes andar subindo polas pedras como unha mona? Como caías vas romper o pescozo...

A nena fitou para a anciá como se non comprendese o que escoitaba, o seu mundo de aventuras escachando en mil anaquiños e sentindo o golpe brusco de volta á realidade. A muller estaba a uns pasos dela, no medio da beirarrúa, cunha expresión severa na faciana que acentuaba máis aínda os millóns de engurras que lle marcaban as crueis faccións. A nena bisbou unha desculpa antes de baixar dun salto da pedra e correr a carón da súa nai, que xa case chegara á súa altura. As dúas mulleres saudáronse amablemente e comezaron a conversar. A nena agardaba impaciente, procurando en van conter a mestura de enerxía e desacougo que dominaba o seu corpo e que se traducía nun baileciño inqueda. En momentos coma este a pequena odiaba os adultos. Podían botar horas falando sen parar das cousas máis aburridas. Se aínda discutisen temas interesantes coma cal das dúas podía cuspir máis lonxe, por que cando bebían un batido moi frío lles doía o cerebro ou o desenlace do último episodio dos debuxos matinais!

Durante o transcurso da eterna conversa a nena non apartaba a ollada da muller. Non lle agradaba nadiña esa vella... ou anciá, como mamá, despois de lanzarlle unha das súas miradas fulminantes, lle dicía que era educado chamar á xente maior. Debía de ter polo menos oitocentos anos. Tiña a pel de cor marrón e apergamiñada, chea de engurras tan profundas que a nena ás veces non quería nin tocala por medo a que lle quedase un dedo atrapado nos sucos da pel. E baixo todas esas engurras, as veas sobresaían e avultaban. Iso era o peor de todo. A pequena tiña a teoría de que esas protuberancias eran en realidade vermes que vivían debaixo da superficie da pel e a medida que unha persoa se facía maior, estes ían chuchando toda a vida e xuventude do corpo e facéndose cada vez máis grandes e gordechos. De cando en cando a nena estudaba atentamente a pel dos brazos e as mans, non fose a ser que lle saísen a ela engurras de tanto esperar no mesmo sitio. E foi neste momento de profundo aburrimiento, no que a máis insignificante distracción sería recibida cos brazos abertos, cando o zapato caeu do ceo.

Se a nena soubese distinguir entre os diferentes tipos de zapato diría que o que estaba alí tirado era un mocasín. Os raios de sol da tardiña refulxían debilmente sobre a pel marrón escuro e os cordóns negros, impecablemente atados nun nó sinxelo, que semellaban dúas diminutas serpes adormecidas. Para a nena o zapato posuía algo máxico, a súa presenza era case hipnótica. Como chegaría un zapato ata aí, así sen máis? A nena ergueu a cabeza e mirou cara ao ceo, que comezaba a tornarse dunha cor azul escura. Viría realmente de alí arriba? Ao mellor caéralle a alguén, a un pasaxeiro dun avión ou incluso dun helicóptero. A ela caíanselle as sandalias constantemente, sobre todo cando subía ás randeiras do parque e se impulsaba moi alto e saían disparadas. Si, podía ser. Ou quizais, pensou cos ollos brillantes de emoción, perderao alguén que ía voando, unha especie de Peter Pan do mundo moderno. Quizais a persoa levaba ocultando este superpoder durante anos, pero xusto ese día non tivera máis remedio que usalo para evitar un atasco ao volver do traballo ou porque se lle ía arrefriar a cea ou porque a súa nai o mandara mercar leite e o supermercado estaba a piques de pechar. A pequena entornou os ollos con forza, esperando ver entre as nubes que se ían acumulando no ceo a silueta da personaxe voadora.

A nena intentou achegarse un pouco ao zapato para poder examinalo, dando pasiños curtos e lanzando miradas furtivas ás dúas mulleres que seguían falando animadas. Cabía a posibilidade de que a persoa non perdese o zapato, senón que o tirase sen máis. Por que querería alguén deixar tirado un zapato? Logo tería que ir camiñando cun pé descalzo ou tería que ir saltando á pata coxa. Quizais a persoa que o deixara só tiña unha perna. Mercara os zapatos novos e, ao faltarlle un dos pés, deixara un dos mocasíns tirado na rúa. Ao mellor o fixera alguén que simplemente quería que a xente coma ela quedase desconcertada, pensando na historia do zapato ata que lle botase fume a cabeza ou lle estoupasen os miolos directamente. A meniña rascou unha fazula con aire distraído, sen poder despegar os ollos do calzado. E se, pensou de súpeto, o zapato chegara alí el soño? E se podía moverse á súa vontade, pero soamente cando os humanos non o estaban a ver? Seguramente o dono do zapato era unha persoa á que non lle gustaba viaxar e que nunca saíra da vila e o zapato, farto da vida aburrida e de percorrer sempre as mesmas rutas, decidira emprender unha viaxe arredor do mundo por si mesmo. Non, iso era unha parvada, os zapatos non podían andar sós, pensou a nena. E isto sabíao ela por experiencia, pois unha vez estivera máis de dúas horas agochada debaixo da cama vixiando os seus monecos para descubrir dunha vez por todas se era certo iso de que se movían cando ninguén os miraba. Porén, todos estiveran ben quietiños. E iso, por desgraza, incluía os dous pares de tenis, o par de botas, o de sandalias e o resto de obxectos do cuarto. Pero e se dentro do zapato vivise algún tipo de criatura, algo así como un caranguexo? Ao mellor o mocasín era o seu fogar, semellante á cuncha dun caracol, e o animalíño ía desprazándose con el ás costas. Entusiasmada ante esta perspectiva, a nena deu un paso e dispúxose a baixar da beirarrúa para adoptar ao misterioso habitante do zapato.

—Pódese saber a onde vas? Que che dixen de baixar á estrada?

A man da súa nai saíu disparada a tal velocidade que á nena recordoulle a lingua dun sapo cazando a súa presa. Mamá agarrouna moi forte do brazo, obrigándoa a achegarse cara a onde as dúas mulleres seguían paradas. A nena baixou a mirada, avergoñada, evitando así a expresión de exasperación e anoxo da súa nai. Pasado un segundo de silencio incómodo, as mulleres retomaron a conversa.

—E entón vai vir para a festa de mañá? —preguntou a anciá cun ton de falsa curiosidade que á nena non lle gustou nada.

—Esperemos que si. Falei onte con el por teléfono e dixo que o avión chegaría pola mañá cedo, pero que antes de pasar por casa tiña que ir á oficina a coller unhas cousas. Así que imaxino que chegará a tempo para a festa. Temos moitas ganas de velo, non si?

Mamá dirixíase a ela e a nena respondeu cun sorriso tan cálido e sincero que todo trazo de enfado desapareceu do rostro da muller como por arte de maxia. A súa nai estaba a falar de papá e a presenza deste era o motivo principal da emoción case insoportable que levaba roendo a paciencia da nena dende había uns días. O traballo de papá obrigábao a pasar moito tempo fóra da casa. A nena non sabía exactamente a que se dedicaba, pero si sabía que tiña que coller moitos avións e ir a sitios diferentes, ás veces preto e outras moi lonxe, tanto que tardaba meses en volver. Cando era máis

pequena, a meniña tiña medo de esquecerse de como era seu pai e que un día volveuse e que non o recoñecese. Ou, o que era peor, que el non a recoñecese a ela. Pero agora que era maior sabía que iso non ía a pasar porque quería moito a papá e el a quería moito a ela, e ademais tiña unha foto del ben gardada no caixón da mesiña que estudaba detidamente cada noite para así memorizar as faccións e non esquecerse. O bo de que papá viaxase tanto era que sempre lle traía un agasallo que, na maioría das ocasións, era un libro. Tiña libros escritos nunha miríade de idiomas: inglés, alemán, francés, italiano, ruso, xaponés... e aínda que non podía entendelos, á nena fascináballe ler as palabras sen sentido e pensar que noutro país un neno coma ela era quen de descifralas. Cando fose maior, prometíase sempre, estudaría todos os idiomas do mundo para así poder ler os centos de historias agochadas naquelas palabras estrañas. Papá sempre ría cando llo dicía, botaba unha gargallada grave e musical e logo acariñáballe o cabelo louro e longo. Había veces, especialmente polas noites, que pensar en papá a poñía moi triste e sentíase soa e abandonada e así é como ela cría que se sentía Gato cando mamá non o deixaba durmir con ela e pasaba horas miañando tristemente na cociña.

Sen saber exactamente por que, a nena volveu ollar cara ao zapato, mais desta vez comezouna a invadir unha especie de desacougo. Ata o momento parecéralle gracioso e fascinante, pero agora a idea de que o zapato estivese alí tirado causáballe unha angustia insoportable. Era a idea dun zapato orfo, a idea de abandono e a idea de soidade o que estaba a empurrar os demais pensamentos fóra da súa cabeza e a impregnalo todo de tristeza. A nena comezou a tremer. Nos escasos minutos que levaban alí paradas, eses intres de eternidade para ela, o sol agochárase tralos edificios e as nubes de cor gris escura cubriron a totalidade do ceo. Nesa luz tenue a cor marrón do zapato volvérase máis escura e sinistra e por primeira vez a nena foi quen de distinguir unhas manchas granates que cubrían o costado visible do calzado. Levantou rapidamente a mirada como querendo fuxir da desagradable visión e foi precisamente nese momento, ao percorrer coa vista o seu entorno, cando se decatou de que ao final da rúa, onde esta facía unha lixeira curva, a xente comezaba a amorsearse en pequenos grupos. O repentino barullo de voces e luces, agora visibles no solpor, pareceron chamar a atención de mamá e a anciá, que deixaran de falar e estudaban a rúa con interese.

—Meu Deus, que pasaría? Veña, imos achegarnos a ver.

Mamá comezou a andar cara á multitude mentres tiraba da man da rapaciña. A nena lanzou unha derradeira mirada de despedida ao zapato, sentíndose ao mesmo tempo triste e aliviada por deixalo atrás. Se a nena coñecese o significado da expresión “mal presaxio” probablemente a empregaría para describir o que sentía nese preciso momento. Mentres se achegaban viron como máis xente se ía unindo á multitude, formando unha especie de círculo arredor da estrada. A nena, impaciente por ver a que se debía toda esa conmoción, deixou que a súa curiosidade a dominase e botou a correr de súpeto, soltando a man da súa nai e facendo caso omiso dos seus berros de protesta. Ao mellor era unha actuación de rúa, como nas festas, con pallasos ou malabaristas, pensaba mentres se ía escorrendo entre as pernas da xente e avanzando cara ao bordo da beirarrúa. Pero a medida que se achegaba á estrada, ao centro de atención da multitude, era

máis complicado abrirse paso debido á cantidade de xente amoreada. A pequena púxose de xeonllos e intentou facerse camiño agatuñando e apartando os pés da xente. E finalmente, asomándose por debaixo da saia dunha muller da primeira fila, conseguiu entrever a estrada.

A nena parou en seco, sen comprender moi ben o que estaba a presenciar. No medio da rúa, xusto en fronte de onde ela estaba, había un coche de cor branca parado, co capó aboiado e o parabrisas escachado e tinguido de vermello. Un pouco máis adiante, no que a nena considerou un lugar moi estraño para quedar durmido, había un home tirado no chan, tombado boca abaixo nunha especie de charco escuro. E aínda un pouco máis lonxe, puido albiscar un paquete grande e cadrado, envolto nun papel de cores brillantes, e aboiado por un dos laterais. A nena non era quen de conectar os tres elementos que formaban a escena que tiña diante dela, así que decidiu achegarse un pouco máis para poder distinguir o rostro do home e, no caso de estar esperto, preguntarlle que clase de espectáculo era aquel. E foi nese mesmo intre, ao comezar a incorporarse, cando escoitou o grito da súa nai. E non estaba a berrar por ela, como a nena esperaba que ocorrese, ou dicindo esas palabras que ás veces se lle escapaban sen querer cando a pequena se portaba mal e que ela non podía repetir porque eran moi feas ou rifándolle por escapar sen o seu permiso. O único que facía mamá era repetir un nome, unha e outra vez, a pleno pulmón. E ese era o nome de seu pai.

A nena detívose de súpeto, aínda agatuñada entre as pernas da muller da saia, e observou o detalle que se lle pasara por alto na súa primeira inspección. Alí estaba a última peza do crebacabezas, a solución ao misterio...

A meniña fitou para o pé descalzo, os ollos castaños e grandes abertos pola sorpresa e a boca pequerrecha formando un O de cor rosa.



galicia

